

Este proxecto técnico foi aprobado na reunión do Pleno do Consello Galego de Estatística do día 4 de decembro de 2020

1101-02-OE05 Indicadores de seguimiento das Directrices de ordenación do territorio

PROXECTO TÉCNICO

Índice

1. Obxectivo.....	4
2. Xustificación.....	4
3. O sistema de indicadores.....	5
3.1. Elección dos indicadores.....	5
3.2. Elección das fontes de información.....	8
3.3. Terminoloxía.....	8
4. Indicadores.....	13
4.1. Ocupación do territorio (OC).....	13
4.1.1. Vivendas familiares.....	13
Medida 01. Porcentaxe de vivendas non principais respecto ao total de vivendas.....	13
Medida 02. Porcentaxe de vivendas baleiras respecto ao total de vivendas.....	14
4.1.2. Índice de saturación.....	15
Medida 01. Porcentaxe de superficie de solo urbano, actual e previsto, e de núcleo rural respecto á total.....	15
4.1.3. Crecemento previsto.....	16
Medida 01. Porcentaxe de superficie de solo urbanizable respecto á superficie de solo urbano e de núcleo rural.....	16
4.1.4. Superficie ocupada pola edificación.....	17
Medida 01. Superficie de solo ocupada pola edificación.....	17
4.2. Paisaxe (PAI).....	18
4.2.1. Número de estudos de impacto e integración paisaxística realizados.....	18
Medida 01. Número de estudos de impacto e integración paisaxística realizados.....	19
4.3. Patrimonio Natural (PN).....	19
4.3.1. Superficie terrestre da RGEP e das APII.....	19
Medida 01. Superficie terrestre protexida de cada categoría de clasificación.....	20
Medida 02. Porcentaxe de superficie terrestre protexida de cada categoría de clasificación.....	21
4.3.2. Espazos da Rede Galega de Espazos Protexidos con instrumentos de planificación.....	22
Medida 01. Superficie dos espazos incluídos na Rede Galega de Espazos Protexidos (RGEP) con figuras de planificación aprobadas.....	22
4.4. Patrimonio Cultural.....	23
4.4.1. Número de BIC.....	23
Medida 01. Número de BIC segundo tipo de declaración.....	23
4.5. Sociedade e economía (SE).....	24
4.5.1. Variación da poboación (número de habitantes).....	24
Medida 01. Variación relativa en tanto por cen en 10 anos.....	25
Medida 02. Variación relativa en tanto por cen en 5 anos.....	25
Medida 03. Variación relativa en tanto por cen nun ano.....	26
4.5.2. Densidade de poboación.....	27

Medida 01. Habitantes por km ²	27
Medida 02. Densidade de poboación en ZPP baixa.....	28
4.5.3. Poboación en áreas pouco poboadas.....	29
Medida 01. Porcentaxe de poboación en ZPP baixa.....	29
4.5.4. Diversidade de actividades económicas.....	30
Medida 01. Índice de diversidade de Shannon.....	30
4.5.5. Poboación ocupada por ramas de actividade.....	31
Medida 01. Porcentaxe de afiliacións á Seguridade Social por rama de actividade.....	31
4.5.6. Autocontención laboral.....	32
Medida 01. Autocontención laboral.....	33
Medida 02. Taxa de permanencia.....	33
4.5.7. Autosuficiencia no emprego.....	34
Medida 01. Autosuficiencia en emprego.....	35
Medida 02. Ratio de cobertura das demandas.....	35
4.5.8. Superficie con instrumento de ordenación e xestión forestal.....	37
Medida 01. Superficie con instrumento de ordenación e xestión forestal.....	37
4.6. Metabolismo (MET).....	37
4.6.1. Calidade da auga nas zonas de baño.....	38
Medida 01. Número de zonas de baño con cada clasificación.....	38
Medida 02. Porcentaxe das zonas de baño con cada clasificación.....	39
4.6.2. Dotación de puntos limpos.....	39
Medida 01. Concellos con instalación de punto limpo.....	40
Medida 02. Concellos con servizo de punto limpo.....	40
Medida 03. Poboación con servizo de punto limpo.....	41
4.7. Mobilidade (MOB).....	41
4.7.1. Repartición modal da mobilidade cotiá.....	42
Medida 01. Porcentaxe de persoas que se desprazan habitualmente en cada modo de transporte respecto ao total de persoas que se desprazan.....	42
Medida 02. Porcentaxe de persoas que non se desprazan habitualmente.....	43
5. Fontes de información.....	44
5.1. Cartografía dos límites municipais a escala 1:25.000.....	44
5.2. Sistema de información da ocupación do solo de España (SIOSE).....	44
5.3. Grandes áreas e comarcas paisaxísticas.....	44
5.4. Censo de poboación e vivendas.....	44
5.5. Sistema de Información de Ordenación do Territorio e Urbanismo de Galicia (SIOTUGA).....	45
5.6. Estudos de impacto e integración paisaxística (EIIP).....	45
5.7. Base Topográfica de Galicia a escala 1:10.000 (BTG 2016).....	45
5.8. Cifras oficiais de poboación dos concellos: revisión do Padrón Municipal.....	45
5.9. Nomenclátor. Poboación do Padrón Continuo por unidade poboacional.....	46
5.10. Espazos naturais protexidos.....	46
5.11. Espazos naturais con instrumentos de planificación.....	46
5.12. Bens de Interese Cultural.....	47
5.13. Clasificación das parroquias segundo o grao e subgrao de urbanización (GU 2016).....	47
5.14. Mapa de parroquias de Galicia.....	47
5.15. Índice de diversidade de Shannon.....	48

5.16. Afiliacións á Seguridade Social en alta laboral segundo a rama de actividade e o concello de residencia do afiliado.....	48
5.17. Autocontención laboral.....	49
5.18. Autosuficiencia en emprego.....	49
5.19. Contratos rexistrados.....	50
5.20. Demandas rexistradas.....	50
5.21. Ordenación e xestión forestal.....	51
5.22. Calidade da auga nas zonas de baño de Galicia.....	51
5.23. Puntos limpos.....	52
5.24. Mobilidade.....	52
5.25. Dominio público marítimo terrestre e Ribeira do mar.....	52
5.26. Cartografía do ámbito de xestión do Plan de ordenación do litoral.....	52
6. Difusión.....	53
7. Siglas.....	54
8. Anexo.....	56
8.1. Información SIOTUGA. Pretratamento das capas de información.....	56

1. Obxectivo

Esta operación estatística ten como finalidade o seguimento dos obxectivos e das determinacións das Directrices de ordenación do territorio (DOT) a través da evolución do estado das variables e elementos considerados estratéxicos, o que permitirá avaliar o grao de aproximación á máxima eficiencia e eficacia respecto á ocupación do territorio dun xeito sustentable.

As Directrices de ordenación do territorio son, segundo a Lei 10/1995, de 23 de novembro, de ordenación do territorio de Galicia, o instrumento clave da ordenación do territorio en Galicia, que establece as pautas espaciais de asentamento das actividades, de acordo coas políticas sociais, económicas e culturais emanadas da Comunidade.

En definitiva, estes indicadores teñen como obxectivo avaliar a eficacia dos instrumentos de ordenación territorial para encamiñar Galicia cara á sociedade da sustentabilidade.

A meta de información que tenta satisfacer esta operación estatística é a 1.1.01 Territorio.

2. Xustificación

A elaboración dun sistema de indicadores para o seguimento dos obxectivos e das determinacións das Directrices de ordenación do territorio (DOT) xorde como consecuencia da confluencia de distintas normas de aplicación, que de xeito cronolóxico se citan de seguido:

- Lei 10/1995, do 23 de novembro, de ordenación do territorio de Galicia. Establece o seguimento e posta ao día dos obxectivos e determinacións das DOT, que deberá aprobarse mediante decreto da Xunta de Galicia.
- Lei 6/2007, do 11 de maio, de medidas urxentes en materia de ordenación do territorio e do litoral de Galicia. No que se refire ao proceso de avaliación ambiental estratéxica (AAE) dos instrumentos de planeamento urbanístico, establece que o órgano promotor deberá realizar o seguimento dos efectos no medio ambiente da aplicación ou execución do Plan.
- Decreto 19/2011, do 10 de febreiro, polo que se aproban definitivamente as Directrices de ordenación do territorio. Prevé un sistema de seguimento da sustentabilidade territorial e das DOT.
- Decreto 20/2011, de 10 de febreiro, polo que se aproba definitivamente o Plan de ordenación do litoral de Galicia (POL). O POL é o primeiro plan territorial integrado

aprobado en desenvolvemento das DOT. No ámbito POL deberán avaliarse o grao de cumprimento das DOT.

- Decreto 176/2013, do 21 de novembro, polo que se aproba o Plan de seguimento das Directrices de ordenación do territorio de Galicia e da sustentabilidade territorial (PSST). Establece o procedemento de seguimento dos obxectivos e determinacións das DOT e define un sistema de indicadores de sustentabilidade territorial co obxectivo de medir e avaliar a evolución das variables de sustentabilidade identificadas como elementos estratéxicos do desenvolvemento de Galicia.
- Decreto 14/2017, do 26 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento de ordenación da información xeográfica e da actividade cartográfica de Galicia, e que modifica o Decreto 244/2011, do 29 de decembro, polo que se aproban os estatutos do organismo autónomo Instituto de Estudos do Territorio. Establece en particular entre as súas funcións a de realización de indicadores para o seguimento do desenvolvemento territorial de Galicia e a de apoio na realización da avaliación continua dos instrumentos de ordenación territorial, o que inclúe o seguimento das Directrices de ordenación do territorio que prevé el punto 10 do artigo 10 da Lei 10/1995, do 23 de novembro, de ordenación do territorio de Galicia.

3. O sistema de indicadores

3.1. Elección dos indicadores

A elección dos indicadores, para esta operación estatística, baséase nas variables que as DOT identifican como claves para medir a eficacia do seu desenvolvemento no territorio galego. Estas variables conforman sete bloques: ocupación do territorio (OC), paisaxe (PAI), patrimonio natural (PN), patrimonio cultural (PC), sociedade e economía (SE), metabolismo (MET) e mobilidade (MOB).

Neses sete bloques agrúpanse os indicadores e que se corresponden coas variables e aspectos clave identificados polas DOT no procedemento de avaliación ambiental estratéxica, segundo se resume na seguinte táboa:

VARIABLES	ASPECTOS CLAVE	BLOQUE	INDICADORES PSST
OCUPACIÓN DO TERRITORIO	Calidade do solo	OCUPACIÓN DO TERRITORIO	Vivendas familiares
			Vocacionalidade dos ámbitos
			Crecedemento previsto
			Superficie ocupada pola edificación
PAISAXE, PATRIMONIO CULTURAL E NATURAL	Integridade paisaxística	PAISAXE	Número de estudos de impacto e integración paisaxística realizados
	Fragmentación do territorio	PATRIMONIO NATURAL (PN)	Superficie terrestre da RGEPE e das APII
	Conservación do patrimonio natural e cultural	PATRIMONIO CULTURAL (PC)	Espacios da RGEPE con instrumentos de planificación
SOCIOECONOMÍA	Cohesión social Calidade de vida da poboación Competitividade económica Equilibrio e desenvolvemento económico Gobernanza	SOCIEDADE E ECONOMÍA (SE)	Variación da poboación (nº de habitantes)
			Densidade de poboación
			Poboación en áreas pouco poboadas
			Diversidade de actividades económicas
			Poboación ocupada por ramas de actividade
			Autocontención laboral
			Autosuficiencia en emprego
			Superficie con instrumentos de ordenación e xestión forestal
CICLO HÍDRICO	Calidade da auga	METABOLISMO	Calidade da auga en zonas de baño
	Consumo de recursos hídricos		
CICLOS DE MATERIAIS	Xeración de residuos		
MOBILIDADE	Equilibrio no reparto modal	MOBILIDADE	Reparto modal da mobilidade cotiá

Táboa 1. Correspondencia das Variables e Aspectos Clave das DOT cos bloques dos indicadores

A elección de indicadores regúlase no Decreto 176/2013, do 21 de novembro, polo que se aproba o Plan de seguimento das Directrices de ordenación do territorio e da sustentabilidade territorial (PSST).

Os indicadores desta operación estatística son unha parte do conxunto de indicadores do PSST, nos que concorren unha serie de características para considerala como operación estatística, no marco do Plan galego de estatística 2017-2021.

Así mesmo, tamén se tivo en conta para a súa elección a normativa que se relaciona a continuación:

ÁMBITO COMUNITARIO

- Directiva 92/43/CEE do Consello, de 21 de maio de 1992, relativa á conservación dos hábitats naturais e da flora e fauna silvestres
- Directiva 79/409/CEE do Consello, de 2 de abril de 1979, relativa á conservación das aves silvestres
- Directiva 2000/60/CE, do Parlamento Europeo e do Consello, do 23 de outubro de 2000, pola que se establece un marco comunitario de actuación no ámbito da política da auga.

- Directiva 2006/7/CE, do Parlamento Europeo e do Consello, do 15 de febreiro de 2006, relativa á xestión da calidade das augas de baño e pola que se deroga a Directiva 76/160/CEE.
- Directiva 2009/147/Ce do Parlamento Europeo e do Consello, do 30 de novembro de 2009, relativa á conservación das aves silvestres.

ÁMBITO ESTATAL

- Lei 16/1985, do 25 de xuño, de Patrimonio Histórico Español
- Lei 14/1986, do 25 de abril, Xeral de Sanidade
- Lei 43/2003, do 21 de novembro, de Montes
- Real decreto 1341/2007, do 11 de outubro, sobre a xestión da calidade das augas de baño
- Lei 42/2007, do 13 de decembro, do patrimonio natural e da biodiversidade

ÁMBITO AUTONÓMICO

- Decreto 430/1991, do 30 de decembro, polo que se regula a tramitación para a declaración de Ben de Interese Cultural e se crea o Rexistro de Bens de Interese cultural para Galicia
- Lei 9/2001, do 21 de agosto, de conservación da natureza
- Decreto 72/2004, do 2 de abril, polo que se declaran determinados espazos como zonas de especial protección dos valores naturais.
- Lei 10/2008, do 3 de novembro, de residuos de Galicia
- Plan de xestión de residuos urbanos de Galicia, aprobado en virtude do acordo do Consello da Xunta de 13 de xaneiro de 2011.
- Lei 7/2012, do 28 de xuño, de montes de Galicia
- Decreto 37/2014, do 27 de marzo, polo que se declaran zonas especiais de conservación os lugares de importancia comunitaria de Galicia e se aproba o Plan director da Rede Natura 2000 de Galicia.
- Decreto 52/2014, do 16 de abril, polo que se regulan as instrucións xerais de ordenación e de xestión de montes de Galicia.
- Decreto 1/2015, do 15 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da planificación en materia de augas de Galicia e se regulan determinadas cuestións en desenvolvemento da Lei 9/2010, do 4 de novembro, de augas de Galicia.
- Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia
- Lei 5/2016, do 4 de maio, do patrimonio cultural de Galicia
- Decreto 119/2016, do 28 de xullo, polo que se aproba o Catálogo das paisaxes de Galicia.
- Lei 7/2008, do 7 de xullo, de protección da paisaxe de Galicia

3.2. Elección das fontes de información

A elección das fontes de información para o cálculo dos indicadores dá prioridade aos datos oficiais (censos, rexistros administrativos...) e aos datos proporcionados polos departamentos responsables, que se poden actualizar regularmente, con preferencia as de periodicidade anual.

3.3. Terminoloxía

Ámbito de xestión do Plan de ordenación do litoral: Delimitación cartográfica do ámbito territorial no que é de aplicación o dito plan. Ámbito para o cal se expresa o resultado daqueles indicadores nos que é posible obter os datos xeorreferenciados.

Augas de baño: calquera elemento de augas superficiais onde se prevexa que poidan bañarse un número importante de persoas ou exista unha actividade próxima relacionada directamente co baño, e no que non exista unha prohibición permanente de baño nin se formulase unha recomendación permanente de absterse, e onde non exista perigo obxectivo para o público.

Autocontención laboral: capacidade que ten un territorio de fixar laboralmente a súa poboación e mídese relacionando os traballadores que están empregados no concello no que residen co total de traballadores que residen nese concello (e que poden traballar ou non nel). Para realizar os cálculos, considerouse que o número de traballadores é equiparable ao de afiliacións á Seguridade Social en situación de alta laboral o último día de cada ano.

Autosuficiencia en emprego: relación existente entre os traballadores que exercen a súa actividade nas empresas dun territorio coa poboación residente no mesmo territorio e que está ocupada, ben sexa neste ou noutro lugar, tomando como data de referencia o último día do ano.

Base Topográfica de Galicia (BTG 2016): base homoxénea e actualizada que integra información xeorreferenciada procedente de diferentes fontes, sobre as que se realizaron procesos de actualización e edición. A precisión e nivel de detalle dos elementos vectoriais son moi heteroxéneos, e varían dende 1/2.000 ata a 1/10.000; a escala de referencia para o produto final é 1/10.000.

Ben de Interese Cultural (BIC): bens materiais (móbles e inmóbles) e inmateriais –aínda que neste proxecto só se computan os inmóbles– máis sobranceiros do patrimonio cultural de Galicia, declarados por decreto do Consello da Xunta de Galicia. Despois da súa declaración ou recoñecemento, inscríbense no Rexistro de Bens de Interese Cultural de

Galicia, cun número de rexistro individual, onde se recollen, entre outros, os datos relativos á súa identificación e localización, así como outros interesantes para a súa protección.

Clasificación Nacional de Ocupacións (CNO-2011): Os criterios de clasificación utilizados son o tipo de traballo realizado e as competencias. Enténdese por competencias a capacidade para desempeñar as tarefas inherentes a un emprego determinado, para o que se teñen en conta dous puntos de vista: o nivel e a especialización das competencias.

Cualificación sanitaria das augas de baño: co fin de minimizar os riscos de contraer enfermidades ao bañarse nas augas marítimas ou continentais, anualmente determínase para cada unha destas zonas a súa cualificación sanitaria para o baño en excelente, boa, suficiente e insuficiente.

Cobertura do solo (Land Cover): categorización da superficie terrestre en distintas unidades segundo as súas propiedades biofísicas, por exemplo, superficie urbana, cultivos, arboredo forestal etc.

Contratados: contratos existentes nun rexistro administrativo no que se inscriben os contratos iniciais, as prórrogas e as conversións de temporais a indefinidos. Partindo da variable contratos, faise unha discriminación polos distintos DNI dos contratados e ponderando o número de contratos de cada persoa tendo en conta a duración e os concellos de residencia, co fin de evitar a desvirtuación do dato real de emprego.

Conxunto histórico: agrupación de bens inmobles que forman unha unidade de asentamento, continua ou dispersa, condicionada por unha estrutura física representativa da evolución dunha comunidade humana, por ser testemuño da súa cultura ou constituír un valor de uso e gozo para a colectividade, aínda que individualmente non teñan unha especial relevancia.

Demandantes de emprego: demandas de emprego do rexistro administrativo no que se inscriben os demandantes de emprego. A base de datos de demandas non é acumulativa como a de contratos, senón que ten un carácter estático recollendo as circunstancias da demanda a fin de cada mes, é dicir, o primeiro día hábil de cada mes obtense a situación concreta das demandas a finais do mes anterior.

Declaración específica dun BIC: fai referencia a aquelas declaracións que afectan unicamente a un ben concreto, aínda que este pode ser individual ou colectivo.

Declaración xenérica dun BIC: fai referencia a aquelas declaracións que afectan a unha tipoloxía completa de bens, sen identificar cada un dos bens protexidos.

Densidade de vivendas: cociente entre o número de vivendas dun territorio e a súa extensión superficial.

Espazo natural protexido: área do territorio con valores naturais destacados incluídos nas figuras de protección pertencentes ás tres categorías consideradas: Rede galega de espazos protexidos, Rede Natura 2000 e Áreas protexidas por instrumentos internacionais.

Grao e subgrao de urbanización: segundo a clasificación GU 2016, clasificación das parroquias baseada na combinación de criterios de contigüidade xeográfica, densidade de poboación e limiar de poboación, aplicado a unha cuadrícula de celas de 1 km² que cobre todo o territorio.

Para o grao de urbanización, establécense tres categorías:

- Zonas densamente poboadas (ZDP) ou cidades: contan con polo menos o 50% da poboación en conglomerados de alta densidade (celas de 1 km² da cuadrícula contiguas, cada unha delas cunha densidade igual ou superior aos 1.500 hab./km², e o conxunto cunha poboación mínima de 50.000 habitantes).
- Zonas intermedias (ZIP) ou vilas e arredores: contan con menos do 50% da poboación en celas rurais (celas da cuadrícula que están fóra de conglomerados urbanos, é dicir, fóra das celas de 1 km² da cuadrícula contiguas, cada unha delas cunha densidade igual ou superior aos 300 hab./km², e o conxunto cunha poboación mínima de 5.000 persoas) e menos do 50% en conglomerados de alta densidade.
- Zonas pouco poboadas (ZPP) ou áreas rurais: contan con polo menos o 50% da poboación en celas rurais.

Para o subgrao de urbanización, establécense 6 categorías, a partir das anteriormente explicadas:

- Zonas densamente poboadas (ZDP)
- ZIP alta: con máis do 50% da poboación en conglomerados supaurbanos (celas de 1 km² da cuadrícula contiguas, cada unha delas cunha densidade igual ou superior aos 500 hab./km² e o conxunto cunha poboación mínima de 10.000 persoa)
- ZIP baixa: resto da ZIP
- ZPP alta: con máis do 50% da poboación en conglomerados semiurbanos de primeira categoría (celas de 1 km² da cuadrícula contiguas, cada unha delas cunha densidade igual ou superior aos 100 hab./km², e o conxunto cunha poboación mínima de 5.000 habitantes)

- ZPP intermedia: con máis do 50% da poboación en conglomerados semiurbanos de segunda categoría (celas de 1 km² da cuadrícula contiguas, cada unha delas cunha densidade igual ou superior aos 100 hab./km², e o conxunto cunha poboación mínima de 2.000 habitantes)
- ZPP baixa: resto da ZPP

Punto de mostraxe das zonas de baño: lugar da zona de baño designado pola autoridade sanitaria para a toma de mostras para o control da calidade das augas de baño, sito onde se prevexa maior presenza de bañistas, tendo en conta o maior risco de contaminación segundo o perfil das augas de baño. Cada auga de baño deberá ter, polo menos, un punto de mostraxe. No caso de que estas sexan moi lonxas, ou se é previsible que a calidade da auga non sexa a mesma nas diferentes zonas da praia, poderá ter dous, tres e ata catro puntos de mostraxe diferentes.

Punto limpo: instalacións cun equipamento axeitado para a recepción, separación selectiva e almacenamento temporal de residuos de orixe doméstica de especiais características, e teñen como obxectivo fundamental poñer a disposición dos cidadáns un espazo para a achega voluntaria de residuos que non poden ser xestionados polos servizos convencionais da recollida de lixo, polo seu tamaño (residuos voluminosos) ou a súa composición (residuos perigosos).

Sistema de Información sobre Ocupación do Solo de España (SIOSE): base de datos de ocupación do solo continua a nivel nacional, que divide a superficie en polígonos de cobertura/uso homoxéneos, a escala 1:25.000, e utiliza como referencia imaxes de satélite e ortofotografías. Dentro de cada polígono SIOSE pódese considerar que a cobertura é homoxénea, diferenciándose dos polígonos lindeiros pola cobertura ou combinación de coberturas que o forman, de tal maneira que a suma de coberturas nun polígono representa o 100% da súa superficie. Por tanto, a cobertura dun polígono pode ser de dous tipos: simple ou composta.

Simple: o polígono componse dunha única cobertura.

Composta: o polígono componse de dous ou máis coberturas simples e/ou compostas á súa vez. Segundo a distribución espacial dos seus compoñentes, as coberturas compostas distínguense entre asociación e mosaico.

Solo de núcleo rural: áreas do territorio que serven de soporte a un asentamento de poboación singularizado, identificable e diferenciado administrativamente nos censos e padróns oficiais que o plan urbanístico defina e delimite tendo en conta o número de

edificacións, a densidade de vivendas, o seu grao de consolidación pola edificación e, no seu caso, a tipoloxía tradicional da súa armazón e das edificacións existentes.

Solo rústico de especial protección: Parte do solo clasificado polo planeamento como rústico por estar os terreos sometidos a algún réxime de especial protección, de conformidade coa lexislación sectorial de protección do dominio público marítimo-terrestre, hidráulico ou de infraestruturas, ou coa lexislación sectorial de protección dos valores agrícolas, gandeiros, forestais, paisaxísticos, ambientais, naturais o culturais.

Tamén aqueles terreos ameazados por riscos naturais ou tecnolóxicos, incompatibles coa súa urbanización ou aqueles outros que o plan xeral ou os instrumentos de ordenación do territorio non consideren axeitados para o desenvolvemento urbanístico..

Solo urbanizable: clase de solo que outorgan os plans urbanísticos aos terreos que estiman necesarios e adecuados para permitir o crecemento da poboación e da actividade económica ou para completar a súa estrutura urbanística.

Solo urbano consolidado: aquel integrado polos terreos que reúnan a condición de solar ou que, polo seu grao de urbanización efectiva e asumida polos plans urbanísticos, poidan adquirir dita condición mediante obras accesorias e de escasa entidade que poidan executarse de forma simultánea coas de edificación.

Solo urbano non consolidado: aquel integrado pola restante superficie de solo urbano e, en todo caso, polos terreos que reúnan algunha das seguintes condicións: terreos nos que sexan necesarios procesos de urbanización, terreos nos que sexan necesarios procesos de reforma interior ou renovación urbana e terreos nos que se desenvolvan actuacións de dotación, entendendo como tales aqueles nos que sexa necesario incrementar as dotacións públicas para reaxustar a súa proporción coa maior edificabilidade ou cos novos usos asignados na ordenación urbanística, sen requirir a reforma ou renovación da urbanización.

Vivenda baleira: unha vivenda familiar considérase baleira ou desocupada cando non é a residencia habitual de ningunha persoa nin é utilizada de forma estacional, periódica ou esporádica por ninguén. Trátase de vivendas deshabitadas.

Vivenda familiar: é todo cuarto ou conxunto de cuartos e as súas dependencias que ocupan un edificio ou unha parte estruturalmente separada deste e que, pola forma en que foron construídas, reconstruídas ou transformadas, están destinadas a ser habitadas por unha ou varias persoas e na data censual non se utilizan totalmente para outros fins. As vivendas familiares inclúense no Censo de Vivendas, con independencia de que estean ocupadas ou non no momento censual.

Vivenda principal: unha vivenda familiar considérase principal cando é utilizada toda ou a maior parte do ano como residencia habitual dunha ou máis persoas.

Vivenda secundaria: unha vivenda familiar considérase secundaria cando é utilizada soamente parte do ano, de forma estacional, periódica ou esporádica e non constitúe residencia habitual dunha ou varias persoas.

4. Indicadores

4.1. Ocupación do territorio (OC)

Neste grupo inclúense os seguintes indicadores: vivendas familiares, índice de saturación, crecemento previsto e superficie ocupada pola edificación.

4.1.1. Vivendas familiares

Descrición: relación entre as vivendas principais, secundarias e baleiras

Relevancia: a análise do uso das vivendas (principais, secundarias ou baleiras) permite coñecer o seu peso e a relación que garda coa dinámica demográfica. Esta información pode servir de referencia á hora de avaliar a necesidade de vivendas novas nun determinado ámbito territorial, orientar a planificación urbanística a un uso sustentable do solo e priorizar a posta en uso das vivendas baleiras.

Parámetros de medida:

Medida 01. Porcentaxe de vivendas non principais respecto ao total de vivendas

Definición: porcentaxe de vivendas non principais respecto ao total de vivendas existentes no ámbito territorial considerado.

$$\text{Fórmula de cálculo: } VS (\%) = \frac{Vs}{VT} \times 100$$

onde:

VS (%) é o número de vivendas non principais respecto ao total de vivendas, expresado en %.

Vs é o número de vivendas non principais.

VT é o número de vivendas totais.

Nivel xeográfico de expresión de resultados: concellos, Galicia e concellos do ámbito do POL

Fonte de información: 5.4. Censo de poboación e vivendas

Comportamento desexable: os resultados deberían avaliarse buscando a coherencia coa evolución doutras variables. Así, por exemplo, o incremento da porcentaxe de vivendas non principais será máis tolerable naqueles espazos nos que o saldo poboacional (diferenza entre os non residentes presentes e os residentes ausentes) sexa positivo, estea aumentando a carga de poboación (número medio de persoas equivalentes a tempo completo que realmente soporta un concello), estea incrementando o índice de poboación turística e/ou exista un alto risco de despoboación (ZPP baixa), sempre e cando o uso secundario non se realice a costa de construcións novas, senón dándolle preferencia á rehabilitación. Deste xeito, nestas zonas podería evitarse ou, polo menos, retardar a conversión de vivendas principais sen uso (baleiras).

Periodicidade da difusión: decenal

Medida 02. Porcentaxe de vivendas baleiras respecto ao total de vivendas

Definición: porcentaxe de vivendas baleiras respecto ao total de vivendas existentes no ámbito territorial considerado.

$$\text{Fórmula de cálculo: VB (\%)} = \frac{Vb}{VT} \times 100$$

onde:

VB (%) é o número de vivendas baleiras respecto ao total, expresado en %.

Vb é o número de vivendas baleiras.

VT é o número total de vivendas.

Nivel xeográfico de expresión de resultados: concellos, Galicia e concellos do ámbito do POL

Fonte de información: 5.4. Censo de poboación e vivendas

Comportamento desexable: a evolución do indicador debe reducir a tendencia crecente do parque de vivendas baleiras para ser coherente co principio de racionalización do uso do solo e a preservación deste recurso dando prioridade á rehabilitación fronte á construción nova. Isto supón que a medida 2 só podería crecer en concellos nos que diminúa a poboación.

Periodicidade da difusión: decenal

4.1.2. Índice de saturación

Descrición: mide a relación entre o solo urbano, actual e previsto, no planeamento vixente, e a superficie do municipio.

Relevancia: o conxunto da superficie de solo urbano clasificado máis a que se poida chegar a desenvolver en aplicación das determinacións do planeamento urbanístico debe acadar unha relación coa matriz biofísica que non comprometa a sustentabilidade territorial.

Parámetros de medida:

Medida 01. Porcentaxe de superficie de solo urbano, actual e previsto, e de núcleo rural respecto á total

Definición: porcentaxe de superficie de solo urbano actual e previsto (urbano consolidado e non consolidado, de núcleo rural, e de solo urbanizable) respecto á total do ámbito territorial considerado.

$$\text{Fórmula de cálculo: IS (\%)} = \frac{Su + Snr + Suble}{ST} \times 100$$

onde:

IS (%) é o índice de saturación, expresado en tantos por cen.

Su é o solo urbano consolidado e non consolidado .

Snr é o solo de núcleo rural.

Suble é o solo urbanizable.

ST é a superficie total.

Nivel xeográfico de expresión de resultados: concellos, Galicia e ámbito de xestión do POL

Fonte de información: 5.5. Sistema de Información de Ordenación do Territorio e Urbanismo de Galicia (SIOTUGA), 5.25. Deslinde de dominio público marítimo terrestre e SIOSE e 5.26. Cartografía do ámbito de xestión do Plan de ordenación do litoral

Comportamento desexable: a evolución deberá mostrar coherencia coa dinámica demográfica e económica de cada concello tendo en conta outros indicadores complementarios como poden ser o de Autocontención laboral e Autosuficiencia en emprego. O desenvolvemento urbanístico do solo atenderá ás demandas reais que non puideren ser atendidas polo parque construído.

Isto supón que, no caso de concellos con novos PXOMs xa adaptados ás DOT, o previsto nos instrumentos debe ser a folia de ruta para un desenvolvemento territorial sustentable, polo que incrementos positivos respecto de períodos anteriores só deberon ser admitidos por estar xustificadas por razóns demográficas e/ou de desenvolvemento de actividades económicas que demandaban inexcusablemente o desenvolvemento de solo.

En todos os casos, o comportamento desexable é unha redución ou polo menos unha contención do crecemento desta porcentaxe a través do impulso de iniciativas de rehabilitación, renovación e rexeneración do tecido urbano. Só sería admisible recorrer a un maior consumo de solo cando estivese plenamente xustificada a imposibilidade de atender as demandas sociais e/ou económicas con estas políticas de desenvolvemento máis sustentable.

Periodicidade da difusión: trienal

4.1.3. Crecemento previsto

Descrición: pon en relación a previsión de crecemento urbano que fai o planeamento urbanístico co solo xa urbanizado (solo urbano e núcleo rural).

Relevancia: coñecer as previsións da superficie de solo que se pode transformar respecto do solo xa transformado con fins urbanísticos achega información esencial para avaliar se se está a promover un consumo de solo coherente co modelo territorial definido nas DOT.

Parámetros de medida:

Medida 01. Porcentaxe de superficie de solo urbanizable respecto á superficie de solo urbano e de núcleo rural

Definición: porcentaxe de incremento do solo en situación de urbanizado que está previsto en función da súa clasificación urbanística como solo urbanizable.

$$\text{Fórmula de cálculo: CPT (\%)} = \frac{\text{Suble}}{\text{Su} + \text{Snr}} \times 100$$

onde:

CPT (%) é o crecemento previsto, expresado en porcentaxe.

Suble é o solo urbanizable.

Su é o solo urbano consolidado e non consolidado .

Snr é o solo de núcleo rural.

Nivel xeográfico de expresión de resultados: concellos, Galicia e ámbito de xestión do POL

Fonte de información: 5.5. Sistema de Información de Ordenación do Territorio e Urbanismo de Galicia (SIOTUGA), Deslinde de dominio público marítimo terrestre e SIOSE e 5.26. Cartografía do ámbito de xestión do Plan de ordenación do litoral.

Comportamento desexable: o seguimento deste indicador debería mostrar un axuste entre o solo previsto para o seu desenvolvemento urbanístico e o efectivamente urbanizado nos prazos que marca cada plan, o que indicaría un uso racional do solo como recurso non renovable, axustado ás necesidades reais do concello.

Isto supón que, no caso de concellos con PXOMs adaptados ás DOT, o previsto nos instrumentos debe ser a folia de ruta para un desenvolvemento territorial sustentable, polo que incrementos positivos respecto de períodos anteriores só deberon ser admitidos por estar xustificadas por razóns demográficas e/ou de desenvolvemento de actividades económicas que demandaban inexcusablemente o desenvolvemento de solo.

No caso dos concellos con PXOM non adaptado ás DOT, o comportamento desexable é unha redución ou polo menos unha contención do crecemento desta porcentaxe a través do impulso de iniciativas de rehabilitación, renovación e rexeneración do tecido urbano. Só sería admisible recorrer a un maior consumo de solo cando estivese plenamente xustificada a imposibilidade de atender as demandas sociais e/ou económicas con estas políticas de desenvolvemento máis sustentable.

Periodicidade da difusión: trienal

4.1.4. Superficie ocupada pola edificación

Descrición: mide a superficie ou cantidade de territorio ocupado pola edificación.

Relevancia: o solo é un recurso escaso e non renovable polo que o seu consumo debe rexerse por criterios de sustentabilidade e estar orientado a minimizar a súa transformación, pola conseguinte perda de valores naturais e produtivos ou de regulación climática. A ocupación do territorio con usos artificiais pode afectar negativamente á funcionalidade física e natural deste.

Parámetros de medida:

Medida 01. Superficie de solo ocupada pola edificación

Definición: compútase a superficie dos perímetros edificadas que corresponden a unha ou varias edificacións de alturas, usos e tipoloxías diversas, segundo a información obtida sobre edificacións da Base Topográfica de Galicia.

Fórmula de cálculo: $SO = \sum Si$

onde:

SO é a superficie do solo ocupada pola edificación.

Si é a superficie de cada unha das xeometrías correspondentes a edificacións.

Nivel xeográfico de expresión de resultados: concellos, Galicia e ámbito de xestión do POL

Fonte de información: 5.7. **Base Topográfica de Galicia a escala 1:10.000 (BTG 2016)** e 5.26. **Cartografía do ámbito de xestión do Plan de ordenación do litoral**

Comportamento desexable: o comportamento deste indicador debe sinalar, por unha banda, un axuste entre a superficie ocupada pola edificación e a superficie de solo transformado urbanisticamente, xa que o contrario indicaría unha artificialización allea ao planeamento urbanístico; por outra banda, a variación da superficie ocupada pola edificación debe poder lerse coherente coas necesidades reais de novas construcións en relación ás dinámicas demográficas, familiares e económicas do territorio.

Periodicidade da difusión: trienal

4.2. Paisaxe (PAI)

Neste grupo inclúese un indicador: o número de estudos de impacto e integración paisaxística realizados en cada concello.

4.2.1. Número de estudos de impacto e integración paisaxística realizados

Descrición: este indicador computa os estudos de impacto e integración paisaxística (EIIP) que forman parte, tanto do procedemento de Declaración de Impacto Ambiental acompañando aos estudos de impacto ambiental, como aqueles outros que resultan preceptivos segundo outras normativas ou instrumentos de planificación e que se informan no organismo competente en materia de paisaxe. O cómputo faise por cada un dos concellos ao que atinxe un EIIP.

Un EIIP é un documento técnico que identifica e avalía o impacto potencial que ten un proxecto de actuación sobre os elementos que configuran a paisaxe. No caso de que ese impacto non sexa compatible cos requirimentos que establece a lexislación vixente, o estudo tamén informa sobre os criterios e medidas que terán que adoptarse para alcanzar a integración paisaxística.

Relevancia: este indicador permite facer un seguimento do cumprimento da normativa en relación ao control da Administración sobre as iniciativas de alcance territorial con potencial impacto paisaxístico que se desenvolven en Galicia.

Parámetros de medida:

Medida 01. Número de estudos de impacto e integración paisaxística realizados

Definición: contabilízase o número de EIIP que se realizan cada ano no Servizo de Planificación da Paisaxe do Instituto de Estudos do Territorio.

Fórmula de cálculo: $EIIP_T = \sum EIIP_i$

onde:

EIIP_T é o sumatorio do total de EIIP

EIIP_i é o número de estudos de impacto e integración paisaxística nun concello i

Nivel xeográfico de expresión de resultados: concellos e Galicia

Fonte de información: 5.6. **Estudos de impacto e integración paisaxística (EIIP)**

Comportamento desexable: este indicador non precisa manter unha tendencia concreta senón que deberá ser indicativo da maior ou menor actividade no territorio susceptible de provocar un impacto paisaxístico significativo en función da normativa reguladora que fai preceptivo un EIIP.

Periodicidade da difusión: anual

4.3. Patrimonio Natural (PN)

Neste grupo inclúense os seguintes indicadores: Superficie terrestre da Rede Galega de Espazos Protexidos e áreas protexidas por outras figuras internacionais (anterior denominación: superficie terrestre de espazos naturais protexidos) e Espazos da Rede Galega de Espazos Protexidos e das áreas protexidas por instrumentos internacionais con instrumentos de planificación (anterior denominación: espazos naturais con instrumentos de planificación).

4.3.1. Superficie terrestre da RGEP e das APII

Descrición: amosa a superficie terrestre que abranguen os espazos pertencentes á Rede Galega de Espazos Protexidos -RGEP- (reserva natural, parque, monumento natural, zona húmida protexida e espazo protexido Rede Natura 2000) e ás áreas protexidas por instrumentos internacionais (APIIS). A Rede Natura 2000 recolle as zonas especiais de conservación (ZEC) e as zonas especiais de protección para as aves (ZEPA).

Como terceira categoría, baixo a denominación de Áreas protexidas por instrumentos internacionais (APII), recóllense:

-as zonas húmidas de importancia internacional, do Convenio relativo ás zonas húmidas de importancia internacional, especialmente como hábitat de aves acuáticas,

-os sitios naturais da Lista do patrimonio mundial, da Convención sobre a protección do patrimonio mundial, cultural e natural,

-as áreas protexidas do Convenio para a protección do medio mariño do Atlántico do nordés

-os xeparques, declarados pola UNESCO (Organización das Nacións Unidas para a Educación, a Ciencia e a Cultura),

-as reservas da biosfera, declaradas pola UNESCO

-as reservas bioxenéticas do Consello de Europa

Relevancia: As áreas protexidas en calquera das tres categorías de clasificación axudan á súa integración na xestión territorial. Os espazos de alto valor natural que estuda o indicador conforman unha rede de espazos naturais e seminaturais coa función de preservar a biodiversidade e os servizos ecosistémicos que a natureza prové á sociedade.

Parámetros de medida:

Medida 01. Superficie terrestre protexida de cada categoría de clasificación

Definición: superficie terrestre das áreas protexidas consideradas en cada ámbito territorial, expresada en ha e clasificadas nestas categorías:

- Rede Galega de Espazos Naturais Protexidos (RGEP)
- Rede Natura 2000 (RN2000)
- APII (Áreas protexidas por instrumentos internacionais)

Fórmula de cálculo:

- $RGEP = \sum SuptRGEP_i$
- $RN2000 = \sum SuptRN2000_i$
- $APII = \sum SuptAPII_i$

onde

RGEP é o sumatorio das superficies terrestres ocupadas polas distintas figuras da Rede Galega de Espazos protexidos nun concello, prescindindo dos solapamentos que poida haber entre figuras.

RN2000 é o sumatorio das superficies terrestres ocupadas polos espazos da Rede Natura 2000 nun concello, prescindindo dos solapamentos que poida haber entre eses espazos.

APII é o sumatorio das superficies terrestres ocupadas polos espazos das áreas protexidas por instrumentos internacionais nun concello, prescindindo dos solapamentos que poida haber entre eses espazos.

A obtención dos resultados de cada categoría de clasificación faise prescindindo dos solapamentos entre as superficies terrestres das figuras de protección que inclúen mediante un xeoproceso con ferramentas de cálculo GIS.

Nivel xeográfico de expresión de resultados: concellos, Galicia e ámbito de xestión do POL

Fonte de información: 5.10. Espazos naturais protexidos e 5.1. Cartografía dos límites municipais a escala 1:25.000 e 5.26. Cartografía do ámbito de xestión do Plan de ordenación do litoral

Comportamento desexable: a superficie de espazos naturais protexidos debe amosar unha tendencia estable ou de crecemento que permita contribuír á conservación da biodiversidade, ao funcionamento dos ecosistemas naturais e ao mantemento do equilibrio responsable da provisión de servizos ecosistémicos.

Periodicidade da difusión: anual

Medida 02. Porcentaxe de superficie terrestre protexida de cada categoría de clasificación

Definición: porcentaxe da superficie terrestre protexida de cada categoría de clasificación respecto á superficie de cada ámbito territorial. Consideráronse as seguintes categorías:

- RGEP (Rede Galega de Espazos Naturais Protexidos)
- RN2000 (Rede Natura 2000)
- APII (Áreas protexidas por instrumentos internacionais)

Nivel xeográfico de expresión de resultados: concellos, Galicia e ámbito de xestión do POL

Fonte de información: 5.10. Espazos naturais protexidos e 5.1. Cartografía dos límites municipais a escala 1:25.000 e 5.26. Cartografía do ámbito de xestión do Plan de ordenación do litoral

Comportamento desexable: a superficie de espazos naturais protexidos debe amosar unha tendencia estable ou de crecemento.

Periodicidade da difusión: anual

4.3.2. Espazos da Rede Galega de Espazos Protexidos con instrumentos de planificación

Descrición: superficie terrestre protexida dos espazos recollidos na Rede Galega de Espazos Protexidos (reserva natural, parque, monumento natural, zona húmida protexida e espazo protexido Rede Natura 2000) que contan con instrumentos de ordenación medioambiental aprobados: Plans de ordenación dos recursos naturais (PORN), Plans reitores de uso e de xestión (PRUX) e Plans de xestión (PX).

Relevancia: Os instrumentos de ordenación e xestión dos espazos protexidos son un instrumento útil nas estratexias de fomento e conservación dos ecosistemas naturais e da biodiversidade. O indicador resulta útil para localizar sobre o territorio os espazos incluídos da RGEP que contan con instrumentos de planificación ou de xestión aprobados.

Parámetros de medida:

Medida 01. Superficie dos espazos incluídos na Rede Galega de Espazos Protexidos (RGEP) con figuras de planificación aprobadas

Definición: superficie terrestre de espazos naturais protexidos da Rede Galega de Espazos Protexidos (RGEP) coas seguintes figuras de planificación aprobadas:

- Plans de ordenación dos recursos naturais (PORN)
- Plans reitores de uso e xestión (PRUX)
- Plans de xestión (PX)

Nivel xeográfico de expresión de resultados: concellos, Galicia e ámbito de xestión do POL

Fonte de información: 5.11. Espazos naturais con instrumentos de planificación e 5.26. Cartografía do ámbito de xestión do Plan de ordenación do litoral

Comportamento desexable: a evolución do indicador debe amosar unha tendencia crecente conforme ao dito pola Lei 5/2019, do 2 de agosto, de conservación da natureza, na que se

establecen as figuras de ordenación e xestión que cómpre aprobar en relación coa declaración de cada un dos espazos contemplados.

Periodicidade da difusión: anual

4.4. Patrimonio Cultural

4.4.1. Número de BIC

Descrición: Este indicador computa o número de elementos patrimoniais materiais (só inmobles) incoados ou declarados bens de interese cultural (BIC) que están identificados individualmente cun número de rexistro e coa súa distribución no territorio, incluídos os de carácter territorial supramunicipal (como pode ser o Camiño de Santiago), que están computados en cada un dos concellos nos que están presentes.

Existen dous tipos de declaración: a específica e a xenérica. A específica afecta unicamente a un ben, que pode ser individual (por exemplo, un pazo concreto) ou mesmo colectivo (por exemplo, un conxunto histórico concreto). Polo tanto, os BIC de declaración específica sempre se coñecen. En cambio, as declaracións xenéricas afectan a unha tipoloxía completa de bens, sen identificar cada un dos elementos protexidos, por exemplo, os hórreos ou os cruceiros. Non se coñece con exactitude o seu número pero estímase que poden ser decenas de miles. Cando se encontra ou aparece un ben que cumpre coas características dunha declaración xenérica, este pasa a ter a consideración de BIC, está suxeito ao réxime xurídico de protección dos BIC e é susceptible de ser codificado cun número de rexistro identificativo.

Relevancia: a identificación e rexistro dos bens de interese cultural é o punto de partida para poder garantir a súa protección, conservación, valorización e reutilización. A dinamización do territorio baseada en elementos identitarios, tales como o patrimonio cultural e a paisaxe, son factores clave no desenvolvemento do medio rural.

Parámetros de medida:

Medida 01. Número de BIC segundo tipo de declaración

Definición: número de bens de interese cultural (BIC) inmobles que están identificados individualmente cun número de rexistro, atendendo ao tipo de declaración:

- Declaración específica
- Declaración xenérica

Fórmula de cálculo: $BICT = \sum BICe + \sum BICx$

onde:

BICT é o número total de bens de interese cultural incoados ou declarados.

BICe é o número de BIC incoados ou declarados mediante declaracións específicas.

BICx é o número de BIC incoados ou declarados mediante declaracións xenéricas.

Nivel xeográfico de expresión de resultados: concellos e Galicia

Fonte de información: 5.12. Bens de Interese Cultural

Comportamento desexable: o aumento do número de incoacións e declaracións de bens de interese cultural, como punto de partida para garantir a protección e xestión do patrimonio cultural.

Periodicidade da difusión: anual

4.5. Sociedade e economía (SE)

Neste grupo inclúense os seguintes indicadores: variación da poboación (núm. de habitantes), densidade de poboación, poboación en áreas pouco poboadas, diversidade de actividades económicas, poboación ocupada por ramas de actividade, autocontención laboral, autosuficiencia no emprego e superficie con instrumentos de ordenación e xestión forestal.

4.5.1. Variación da poboación (número de habitantes)

Descrición: medición da evolución poboacional durante a última década, empregando tres intervalos de tempo que se solapan: o último decenio, o último lustro e o último ano. Esta variación poboacional pode ser positiva (incremento) ou negativa (decremento) e exprésase en tantos por cen. Para os cálculos, considérase unicamente a poboación empadroada, cuxa data de referencia é o 1 de xaneiro de cada ano.

Relevancia: a residencia da poboación no territorio evoluciona ao longo do tempo. Tende a medrar e concentrarse nas áreas urbanas e litorais mentres que o resto do territorio está en proceso de despoboamento, o que ameaza a supervivencia das actividades agroforestais, directamente responsables da paisaxe rural galega.

Parámetros de medida:

Medida 01. Variación relativa en tanto por cen en 10 anos

Definición: variación relativa da poboación nun intervalo de 10 anos, expresada en tanto por cen.

$$\text{Fórmula de cálculo: } V_{\text{pob}}(10) = \frac{Pob(t) - Pob(t-10)}{Pob(t-10)} \times 100$$

onde:

$V_{\text{pob}}(10)$ é a variación relativa da poboación nun intervalo de 10 anos.

$Pob(t)$ é a poboación no ano t .

$Pob(t-10)$ é a poboación no ano $t-10$.

Nivel xeográfico de expresión de resultados: concellos e Galicia.

Fonte de información: 5.8. Cifras oficiais de poboación dos concellos: revisión do Padrón Municipal

Comportamento desexable: como mínimo, debería manterse a poboación. A consideración dun período decenal –o máis extenso dos elixidos para facer as medicións–, é máis axeitada para comprobar se a tendencia da variación poboacional está contribuíndo a consolidar unha rede de pequenas cidades e vilas cunha base urbana e de servizos adecuada para favorecer unha calidade de vida digna, non só nos ámbitos con maior grao de urbanización senón tamén no rural –onde hai maior risco de despoboación–, en consonancia co sistema xerarquizado de asentamentos do modelo territorial das DOT (Rexións e áreas urbanas, Sistema urbano intermedio e Nodos para o equilibrio do territorio).

Periodicidade da difusión: anual

Medida 02. Variación relativa en tanto por cen en 5 anos

Definición: variación relativa da poboación nun intervalo de 5 anos, expresada en tanto por cen.

$$\text{Fórmula de cálculo: } V_{\text{pob}}(5) = \frac{Pob(t) - Pob(t-5)}{Pob(t-5)} \times 100$$

onde:

$V_{\text{pob}}(5)$ é a variación relativa da poboación nun intervalo de 5 anos.

$Pob(t)$ é a poboación no ano t .

Pob (t-5) é a poboación no ano t-5.

Nivel xeográfico de expresión de resultados: concellos e Galicia.

Fonte de información: 5.8. Cifras oficiais de poboación dos concellos: revisión do Padrón Municipal

Comportamento desexable: a variación da poboación non debería ser negativa para poder contribuír, dende o punto de vista demográfico, á consolidación dunha rede de pequenas cidades e vilas cunha adecuada base urbana e de servizos, tanto no ámbito urbano como no rural —onde ameaza un maior risco de despoboación—, en consonancia co sistema xerarquizado de asentamentos do modelo territorial das DOT (Rexións e áreas urbanas, Sistema urbano intermedio e Nodos para o equilibrio do territorio).

Periodicidade da difusión: anual

Medida 03. Variación relativa en tanto por cen nun ano

Definición: variación relativa da poboación nun intervalo dun ano, expresada en tanto por cen.

$$\text{Fórmula de cálculo: } V_{\text{pob}}(1) = \frac{\text{Pob}(t) - \text{Pob}(t-1)}{\text{Pob}(t-1)} \times 100$$

onde:

$V_{\text{Pob}}(1)$ é a variación relativa da poboación nun intervalo dun ano.

$\text{Pob}(t)$ é a poboación no ano t.

$\text{Pob}(t-1)$ é a poboación no ano t-1.

Nivel xeográfico de expresión de resultados: concellos e Galicia.

Fonte de información: 5.8. Cifras oficiais de poboación dos concellos: revisión do Padrón Municipal

Comportamento desexable: este breve intervalo de tempo permite prever se a tendencia decenal vai manterse a curto prazo ou, polo contrario, poder estar inverténdose. Así mesmo, permite detectar se a variación poboacional está respondendo a algún factor conxuntural. En calquera caso, o ideal sería que os resultados apuntaran á consolidación dunha rede de pequenas cidades e vilas, coherentes co sistema xerarquizado de asentamentos do modelo territorial das DOT (Rexións e áreas urbanas, Sistema urbano intermedio e Nodos para o equilibrio do territorio). Tamén debería amosar, polo menos, unha moderación do proceso de

despoboación no rural e, con ela, a do abandono das actividades produtivas que permiten o mantemento da paisaxe.

Periodicidade da difusión: anual

4.5.2. Densidade de poboación

Descrición: a densidade de poboación mide o grao de concentración da poboación no territorio e a comparación dos resultados permite decatarse das desigualdades entre os distintos ámbitos territoriais (concellos completos e zonas rurais dos concellos). Para os cálculos, considérase unicamente a poboación empadroada, cuxa data de referencia é o 1 de xaneiro de cada ano, segundo o grao de urbanización do IGE.

Asimíllase medio rural co conxunto de parroquias clasificadas como ZPP (zona pouco poboada) baixa, de acordo coa clasificación GU 2016 do IGE. Atendendo ao seu grao de urbanización, esta metodoloxía distingue 3 zonas: as densamente poboadas ou cidades, as intermedias ou vilas e arredores (con subzonas alta e baixa) e as pouco poboadas ou áreas rurais que, a súa vez, poden ser subclasificadas en 3 subzonas (alta, intermedia e baixa).

Relevancia: a concentración dunha masa de poboación crítica suficiente favorece a cohesión social, a mobilidade sustentable, así como o desenvolvemento económico, das infraestruturas e dos servizos dun xeito eficiente. Os valores extremos son responsables potenciais de ámbitos degradados ou abandonados.

Parámetros de medida:

Medida 01. Habitantes por km²

Definición: relación entre o número de habitantes empadroados e a superficie do territorio sobre a que se asentan, expresada en habitantes/km².

Fórmula de calculo: $D = \frac{P}{S}$

onde:

D é a densidade de poboación.

P é o número de habitantes empadroados.

S é a superficie.

Nivel xeográfico de expresión de resultados: concellos e Galicia.

Fonte de información: 5.8. Cifras oficiais de poboación dos concellos: revisión do Padrón Municipal e 5.1. Cartografía dos límites municipais a escala 1:25.000

Comportamento desexable: o aumento ou, polo menos, o mantemento da densidade, xa que os resultados teñen que interpretarse dende unha perspectiva socioeconómica e ambiental. Así, un aumento desmesurado da densidade nalgúns concellos urbanos e/ou costeiros podería supoñer a superación dos límites da capacidade de carga do territorio. Pola contra, un incremento da densidade no rural faría viable o mantemento duns servizos ben dimensionados que contribuirían ao benestar social da veciñanza, constituíndo un factor de resiliencia destes territorios.

Periodicidade da difusión: anual

Medida 02. Densidade de poboación en ZPP baixa

Definición: relación entre o número de habitantes empadroados e a superficie sobre a que se asentan, que neste caso son as parroquias con menor subgrao de urbanización (ZPP baixa), expresada en habitantes/km².

$$\text{Fórmula de cálculo: } DZPPb = \frac{\sum PZPPb}{\sum SZPPb}$$

onde:

DZPPb é a densidade de poboación nas ZPP baixa.

PZPPb é o número de habitantes empadroados nas parroquias clasificadas como ZPP baixa.

SZPPb é a superficie das parroquias clasificadas como ZPP baixa.

Nivel xeográfico de expresión de resultados: concellos e Galicia

Fonte de información: 5.13. Clasificación das parroquias segundo o grao e subgrao de urbanización (GU 2016), 5.9. Nomenclátor. Poboación do Padrón Continuo por unidade poboacional, 5.14. Mapa de parroquias de Galicia e 5.1. Cartografía dos límites municipais a escala 1:25.000

Comportamento desexable: un incremento da densidade no medio rural –sobre todo, nos concellos máis avellentados e tradicionalmente emisores de emigración– faría viable o mantemento duns servizos ben dimensionados que contribuirían ao benestar social da veciñanza, constituíndo un factor de resiliencia destes territorios.

Periodicidade da difusión: anual

4.5.3. Poboación en áreas pouco poboadas

Descrición: computa o peso relativo da poboación rural respecto á total do territorio. Calcúlase a partir da poboación empadroada, cuxa data de referencia é o 1 de xaneiro de cada ano, e tendo en conta o grao e subgrao de urbanización das parroquias, de acordo coa clasificación GU 2016 do IGE.

Relevancia: a poboación das áreas pouco poboadas está formada polo conxunto de persoas que habitan no medio rural, en contraposición co espazo urbano. O singular sistema de asentamentos de Galicia dificulta o establecemento de límites nítidos entre ambos os espazos, xa que existen moitas áreas híbridas (rururbanos). A isto hai que engadir que Galicia, aínda que ocupa un territorio periférico en relación a Europa, está integrada nunha sociedade altamente globalizada, coas consecuencias sociolóxicas e económicas que isto leva consigo.

Fixar a poboación no medio rural, e ademais con niveis de vida e renda dignos, é un requisito básico para asegurar o equilibrio territorial e a sustentabilidade ambiental. A redución poboacional en áreas de baixa densidade aumenta os desequilibrios territoriais con consecuencias socioeconómicas, ambientais e paisaxísticas. De aí a necesidade de activar políticas que freen a despoboación.

Para os efectos de calcular este indicador, o achegamento a esta realidade complexa realízase considerando as parroquias co menor grao de urbanización na clasificación GU 2016, é dicir, as catalogadas como ZPP (zona pouco poboadada) baixa.

Parámetros de medida:

Medida 01. Porcentaxe de poboación en ZPP baixa

Definición: relación entre a poboación rural (residentes nas parroquias clasificadas como zona pouco poboadada baixa ou ZPP baixa) e a total municipal, expresada en tanto por cen.

$$\text{Fórmula de cálculo: } ZPPb (\%) = \frac{\sum PZPPb}{PT} \times 100$$

onde:

ZPPb (%) é a porcentaxe de poboación das parroquias clasificadas como ZPP baixa con respecto á poboación total no ámbito territorial considerado (concello ou Galicia).

PZPPb é a poboación das parroquias clasificadas como ZPP baixa.

PT é a poboación total do ámbito territorial considerado (concello ou Galicia).

Nivel xeográfico de expresión de resultados: concellos e Galicia

Fonte de información: 5.13. Clasificación das parroquias segundo o grao e subgrao de urbanización (GU 2016), 5.9. Nomenclátor. Poboación do Padrón Continuo por unidade poboacional, 5.14. Mapa de parroquias de Galicia, 5.8. Cifras oficiais de poboación dos concellos: revisión do Padrón Municipal e 5.1. Cartografía dos límites municipais a escala 1:25.000

Comportamento desexable: nun primeiro estadio é desexable a estabilización da poboación nestas zonas para que no medio e longo prazo se produza un incremento da poboación nestas zonas ZPP baixa.

Periodicidade da difusión: anual

4.5.4. Diversidade de actividades económicas

Descrición: análise das actividades económicas desenvolvidas no territorio galego a partir do emprego xerado.

Relevancia: a diversidade de actividades está moi ligada á sustentabilidade por diversas razóns. Por unha banda, constitúe un síntoma de complementariedade entre ramas, robustez e resistencia ante as crises dos mercados, e por outra, unha economía diversificada pode satisfacer mellor as necesidades da poboación local, xa que demanda man de obra máis plural ao tempo que oferta produtos e servizos máis diversos.

Parámetros de medida:

Medida 01. Índice de diversidade de Shannon

Definición: a diversidade do emprego xerado polas actividades económicas desenvolvidas polos traballadores presentes no territorio permite detectar ámbitos xeográficos con diferentes graos de especialización e multifuncionalidade.

Fórmula de cálculo: $H' = - \sum P_i \cdot \log_2 \left(\frac{1}{P_i} \right)$

onde:

H' é o índice de diversidade de Shannon.

Pi é a proporción de afiliacións en cada actividade económica (CNAE a dous díxitos) respecto ao total de afiliacións do mesmo ámbito territorial, é dicir, a abundancia relativa de cada actividade. Cando $P_i=0$, o sumando é nulo.

Nivel xeográfico de expresión de resultados: concellos e Galicia

Fonte de información: 5.15. Índice de diversidade de Shannon

Comportamento desexable: o incremento dos resultados porque a diversidade de actividades fortalece as economías locais fronte ás crises sectoriais e é un signo de desenvolvemento racional e equilibrado do territorio. Un maior grao de complexidade implica máis organización e máis posibilidades de intercambio entre persoas, tanto físicas como xurídicas, o que contribúe á sustentabilidade do sistema, igual que ocorre nos sistemas naturais.

Periodicidade da difusión: anual

4.5.5. Poboación ocupada por ramas de actividade

Descrición: reparto da poboación ocupada por ramas de actividade económica.

Relevancia: o peso que teñen as distintas ramas de actividade económica marcan a diversificación ou especialización produtivas da poboación ocupada que reside no seu territorio.

Parámetros de medida:

Medida 01. Porcentaxe de afiliacións á Seguridade Social por rama de actividade

Definición: porcentaxe de afiliacións á Seguridade Social en situación de alta laboral a día 30 de decembro en 13 ramas de actividade por concello de residencia do afiliado.

As ramas de actividade son:

- 1) Agricultura, gandería e silvicultura
- 2) Pesca e acuicultura
- 3) Industrias extractivas e fabricación doutros produtos minerais non metálicos
- 4) Industria agroalimentaria
- 5) Madeira, papel e mobles
- 6) Metalurxia e produtos metálicos, electrónicos, eléctricos e maquinaria

- 7) Fabricación de material de transporte e grandes reparacións industriais
- 8) Resto da industria
- 9) Enerxía, subministro de auga e xestión de residuos
- 10) Construción
- 11) Comercio, transporte e hostalería
- 12) Actividades de información, financeiros, inmobiliarios e profesionais
- 13) Administracións públicas, educación, sanidade e outros servizos

Fórmula de cálculo:
$$PASSr (\%) = \frac{ASSr}{ASST} \times 100$$

onde:

PASSr (%) é o número de afiliacións á Seguridade Social para cada rama de actividade r respecto ao total de afiliacións, expresado en porcentaxe.

ASSr é o número de afiliacións á Seguridade Social para cada na rama de actividade r.

ASST é o número total de afiliacións á Seguridade Social.

Nivel xeográfico de expresión de resultados: concellos, Galicia e concellos do ámbito do POL

Fonte de información: 5.16. Afiliacións á Seguridade Social en alta laboral segundo a rama de actividade e o concello de residencia do afiliado

Comportamento desexable: un aumento da poboación ocupada en ramas que están directamente vinculadas ao territorio (como poden ser a 1, 2, 3, 4, 5 e 6) supoñen a súa posta en valor. Ademais, detectar a diversificación ou a especialización produtiva de cada zona axuda a planificar os futuros desenvolvementos no territorio e a formular contornos máis sustentables.

Periodicidade da difusión: anual

4.5.6. Autocontención laboral

Descrición: capacidade que ten un territorio para fixar laboralmente a súa poboación e detectar a mobilidade obrigada que se poida crear.

Relevancia: as actividades cotiás dos habitantes dun territorio xeran maioritariamente algún tipo de desprazamento, en particular a actividade laboral que ten un carácter obrigatorio e diario. Non obstante, as distancias a percorrer, o tempo empregado, os recursos consumidos

(territorio, enerxía), o medio de transporte empregado ou a contaminación emitida (química e acústica) son factores relevantes á hora de analizar a sustentabilidade dun territorio.

Parámetros de medida:

Medida 01. Autocontención laboral

Definición: porcentaxe de traballadores que están empregados no concello respecto ao total de traballadores que residen nese concello (e que poden traballar ou non nel). Para realizar os cálculos, considerouse que o número de traballadores é equiparable ao de afiliacións á Seguridade Social en situación de alta laboral o día 30 de decembro.

$$\text{Fórmula de cálculo: AL (\%)} = \frac{Ter}{T} \times 100$$

onde:

AL (%) é a autocontención laboral, expresada en porcentaxe.

Ter é o número de traballadores contratados e residentes no ámbito xeográfico considerado.

T é o número total de traballadores que residen no ámbito xeográfico considerado.

Nivel xeográfico de expresión de resultados: concellos, Galicia e concellos do ámbito POL

Para o cálculo do valor do indicador para Galicia así como para o ámbito POL terase en conta o a suma dos datos 'Ter' de cada un dos concellos que abrangan o ámbito de que se trate para poñelos en relación co sumatorio do dato 'T' dos mesmos concellos (Galicia ou POL).

Fonte de información: 5.17. Autocontención laboral

Comportamento desexable: o incremento da autocontención porque un territorio é máis sustentable cando é capaz de optimizar a súa oferta e de racionalizar os procesos de desenvolvemento urbano e económico, xerando a actividade necesaria para fixar laboralmente a súa poboación e reducindo a mobilidade.

Periodicidade da difusión: anual

Medida 02. Taxa de permanencia

Definición: porcentaxe de persoas que foron contratadas para traballar no seu concello de residencia respecto ao total de persoas que foron contratadas para traballar no concello de residencia, persoas que entran no concello porque foron contratadas para traballar nel e

persoas que saen do concello porque foron contratadas para traballar noutro concello, ao longo dun período de referencia.

$$\text{Fórmula de cálculo: TP (\%)} = \frac{Ter}{Ter + TeNr + TrNe} \times 100$$

onde:

TP (%) é a taxa de permanencia, expresada en porcentaxe.

Ter é o número de traballadores contratados e residentes no concello .

TeNr é o número de traballadores contratados no concello e non residentes.

TrNe é o número de traballadores contratados noutro concello e residentes no concello.

Nivel xeográfico de expresión de resultados: concellos, Galicia e concellos do ámbito do POL

Para o cálculo do valor do indicador para Galicia así como para o ámbito do POL terase en conta a suma dos datos 'Ter' de cada un dos concellos que abrangan o ámbito de que se trate para poñelos en relación co sumatorio do dato 'Ter+TeNr+TrNe' dos mesmos concellos (Galicia ou POL).

Fonte de información: 5.19. Contratos rexistrados

Comportamento desexable: o incremento da autosuficiencia porque un territorio é máis sustentable cando é capaz de optimizar a súa oferta e de racionalizar os procesos de desenvolvemento urbano e económico, xerando a actividade necesaria para fixar laboralmente a súa poboación e reducindo a mobilidade.

Periodicidade da difusión: anual

4.5.7. Autosuficiencia no emprego

Descrición: visión xeral e por ocupacións sobre a capacidade que teñen os territorios de xerar a actividade necesaria para fixar laboralmente a súa poboación ocupada.

Relevancia: Non se pode interpretar este indicador sen ter en conta a complementariedade co de autocontención para enriquecer a análise dende a perspectiva laboral. Polo tanto, o comportamento conxunto dos indicadores autosuficiencia en emprego e autocontención laboral no mesmo ámbito territorial axuda a comprender algúns aspectos económicos e pode dar explicación a outros relacionados coa mobilidade cotiá intermunicipal (volume, frecuencia, reparto modal...).

Parámetros de medida:

Medida 01. Autosuficiencia en emprego

Definición: relación existente entre os traballadores que exercen a súa actividade nas distintas contas de cotización dunha empresa nun territorio coa poboación residente no mesmo territorio e que está ocupada, ben sexa neste ou noutro lugar, tomando como data de referencia o 30 de decembro.

$$\text{Fórmula de cálculo: AE (\%)} = \frac{Tee}{Proc} \times 100$$

onde:

AE (%) é a autosuficiencia en emprego, expresada en porcentaxe.

Tee son os traballadores empregados nas empresas do ámbito poboacional estudado.

Proc é a poboación residente no ámbito poboacional estudado que está ocupada.

Nivel xeográfico de expresión de resultados: concellos, Galicia e concellos do ámbito do POL.

Para o cálculo do valor do indicador para Galicia así como para o ámbito do POL terase en conta a suma dos datos 'Tee' de cada un dos concellos que abrangan o ámbito de que se trate para poñelos en relación co sumatorio do dato 'Proc' dos mesmos (Galicia ou POL).

Fonte de información: 5.18. Autosuficiencia en emprego

Comportamento desexable: o incremento da autosuficiencia porque un territorio é máis sustentable cando é capaz de optimizar a súa oferta e de racionalizar os procesos de desenvolvemento urbano e económico, xerando a actividade necesaria para fixar laboralmente a súa poboación e reducindo a mobilidade.

Periodicidade da difusión: anual

Medida 02. Ratio de cobertura das demandas

Definición: mide as posibilidades que tivo un demandante de emprego de atopar traballo ao longo dun ano nunha ocupación e nun territorio determinado.

A desagregación da información por ocupación (CNO-2011) tamén permite coñecer cales son aquelas ocupacións que teñen mellores e peores perspectivas de ocupación. Os 9 grandes grupos da CNO-2011 considerados son os seguintes:

- Directores e xerentes
- Técnicos e profesionais científicos e intelectuais
- Técnicos, profesionais de apoio
- Empregados contables, administrativos e outros empregados de oficina
- Traballadores dos servizos de restauración, persoais, protección e vendedores
- Traballadores cualificados no sector agrícola, gandeiro, forestal e pesqueiro
- Artesáns e traballadores cualificados das industrias manufactureiras e a construción (agás operadores de instalacións e maquinaria)
- Operadores de instalacións e maquinaria, e montadores
- Ocupacións elementais

Fórmula de cálculo: $RCDi = \frac{Ci}{Di}$

onde:

RCDi é a ratio de cobertura das demandas para cada cada grupo de ocupación i.

Ci son os contratados en cada grupo de ocupación i.

Di son os demandantes de emprego en cada grupo de ocupación i.

Nivel xeográfico de expresión de resultados: comarcas e Galicia.

Fonte de información: 5.20. Demandas rexistradas

Comportamento desexable: o incremento da autosuficiencia porque un territorio é máis sustentable cando é capaz de optimizar a súa oferta e de racionalizar os procesos de desenvolvemento urbano e económico, xerando a actividade necesaria para fixar laboralmente a súa poboación e reducindo a mobilidade.

Periodicidade da difusión: anual

4.5.8. Superficie con instrumento de ordenación e xestión forestal

Descrición: este indicador cuantifica en valor absoluto e relativo a superficie que ten un instrumento de ordenación e xestión forestal.

Relevancia: a ordenación forestal é a base dunha xestión forestal sostible. As consecuencias da ordenación e a xestión forestal van máis aló do incremento da competitividade económica, xa que aborda cuestións como o patrimonio natural e cultural, o ciclo hídrico, a enerxía, o cambio climático, a fixación de poboación no medio rural ou a calidade ambiental e paisaxística.

Parámetros de medida:

Medida 01. Superficie con instrumento de ordenación e xestión forestal

Definición: superficie con instrumento de ordenación e xestión forestal nos distintos ámbitos considerados.

Fórmula de cálculo: $SOX_t = \sum SOX_i$

onde

SOX_t é o sumatorio das superficies dos ámbitos que contan cun instrumento de ordenación ou xestión forestal

SOX_i é a superficie que conta con instrumento de ordenación ou xestión forestal nun concello.

Nivel xeográfico de expresión de resultados: concellos e Galicia.

Fonte de información: 5.21. Ordenación e xestión forestal e 5.26. Cartografía do ámbito de xestión do Plan de ordenación do litoral

Comportamento desexable: o incremento da superficie forestal baixo instrumento de ordenación e xestión xa que estes actúan como dinamizadores da eficiencia e sustentabilidade na actividade forestal a través das súas funcións produtivas, sociais e ecolóxicas.

Periodicidade da difusión: anual

4.6. Metabolismo (MET)

Neste grupo inclúense os seguintes indicadores: calidade da auga nas zonas de baño e dotación de puntos limpos.

4.6.1. Calidade da auga nas zonas de baño

Descrición: avaliar a calidade sanitaria das augas de baño, marítimas ou continentais, para minimizar os riscos para a saúde das persoas.

Relevancia: o cumprimento das normas de calidade ambiental para as augas de baño é a garantía dunha protección eficiente das masas de auga no marco de xestión da Directiva Marco da Auga. Neste sentido, o indicador é un detector das presións que se producen sobre o medio e garda relación con outros, pero especialmente cos relacionados cos usos do solo, a superficie de espazos naturais protexidos ou a densidade de poboación.

Parámetros de medida:

Medida 01. Número de zonas de baño con cada clasificación

Definición: A partir da información recollida nos puntos de mostraxe da calidade de augas en zonas baño marítimas e continentais, calcúlase para cada ámbito nos que realizan medicións o número de cada unha das clases presentes nel (Excelente, Boa, Suficiente, Insuficiente) durante a tempada de análise. Ofrécese o número total de zonas de baño e tamén os números parciais, é dicir, cantas zonas de baño (marítimas e/ou continentais) de cada clasificación sanitaria hai.

Fórmula de cálculo: $ZB = \sum ZBi$

onde:

ZB é o número total de zonas de baño.

ZBi é o número total de zonas de baño de cada clasificación sanitaria i.

Nivel xeográfico de expresión de resultados: concellos e Galicia.

Fonte de información: 5.22. Calidade da auga nas zonas de baño de Galicia e 5.1. Cartografía dos límites municipais a escala 1:25.000 e 5.26. Cartografía do ámbito de xestión do Plan de ordenación do litoral

Comportamento desexable: o aumento de zonas de baño con cualificación excelente e a diminución e/ou desaparición das insuficientes para minimizar o risco de contraer enfermidades ao bañarse nas augas marítimas ou continentais.

Periodicidade da difusión: anual

Medida 02. Porcentaxe das zonas de baño con cada clasificación

Definición: porcentaxe de cada calidade de auga nas zonas de baño (ben sexan marítimas ou continentais) para cada concello a partir da información recollida nos puntos de mostraxe de Galicia. Os cálculos fanse para cada un dos concellos nos que realizan medicións, considerando o número de cada unha das clases presentes en cada un deles (Excelente, Boa, Suficiente, Insuficiente) durante a tempada.

$$\text{Fórmula de cálculo: } ZB_i (\%) = \frac{ZB_i}{ZB} \times 100$$

onde:

$ZB_i (\%)$ é a porcentaxe de zonas de baño en cada unha das categorías respecto do total de zonas de baño.

ZB_i é o número de zonas de baño con cada clasificación sanitaria i .

ZB é o número total de zonas de baño.

Nivel xeográfico de expresión de resultados: concellos e Galicia.

Fonte de información: 5.22. Calidade da auga nas zonas de baño de Galicia e 5.1. Cartografía dos límites municipais a escala 1:25.000

Comportamento desexable: o aumento da porcentaxe de zonas de baño con clasificación excelente e a diminución e/ou desaparición das insuficientes para minimizar o risco de contraer enfermidades ao bañarse nas augas marítimas ou continentais.

Periodicidade da difusión: anual

4.6.2. Dotación de puntos limpos

Descrición: concellos e poboación que contan con instalación de punto limpo ou que dispoñen do servizo.

Relevancia: considérase que os puntos limpos son un bo instrumento para mellorar a recuperación e tratamento dos residuos, en especial para aqueles que non teñen sistemas ordinarios de recollida e son susceptibles de recuperación ou precisan de recollida separada polo seu tamaño ou composición.

Parámetros de medida:

Medida 01. Concellos con instalación de punto limpo

Definición: concellos que dispoñen no seu territorio dunha instalación fixa (ou varias). Inclúense no cómputo puntos limpos e minipuntos limpos.

A nivel municipal, os resultados teñen correspondencia cun dato da fonte de información (SI/NON).

Fórmula de cálculo para Galicia e ámbito POL: $C_{PL} = \sum C_{PLi}$

onde:

C_{PL} é o número de concellos, ou concellos do ámbito POL, con instalación de punto limpo.

C_{PLi} é 1 (SI) se o concello ten instalación de punto limpo e 0 (NON) se non o ten

Nivel xeográfico de expresión de resultados: concellos, Galicia e concellos do ámbito do POL.

Fonte de información: 5.23. Puntos limpos e 5.1. Cartografía dos límites municipais a escala 1:25.000

Comportamento desexable: o mantemento ou o incremento do número de concellos con instalacións de punto limpo. Deste xeito, evítase tanto o vertido como o depósito dos materiais que non son recollidos e canalizados por outros circuitos directamente sobre o medio.

Periodicidade da difusión: anual

Medida 02. Concellos con servizo de punto limpo

Definición: concellos que contan con servizo de punto limpo, entendendo que se ofrece cando ten instalación fixa no seu propio territorio ou cando recibe o servizo por parte doutro concello limítrofe (que permita a achega de residuos) ou a través dun servizo de punto limpo móbil (unidade para o transporte de residuos ata un punto limpo central).

A nivel municipal, os resultados teñen correspondencia cun dato da fonte de información (SI/NON).

Fórmula de cálculo para Galicia e ámbito POL: $C_{SPL} = \sum C_{SPLi}$

onde:

C_{SPL} é o número de concellos con servizo de punto limpo

C_{SPLi} é 1 (SI) se o concello ten servizo de punto limpo e 0 (NON) se non o ten

Nivel xeográfico de expresión de resultados: concellos, Galicia e concellos do ámbito do POL.

Fonte de información: 5.23. Puntos limpos e 5.1. Cartografía dos límites municipais a escala 1:25.000

Comportamento desexable: o incremento do número de concellos que dispoñen de servizo de punto limpo, con independencia de que contan con instalación física ou non. Deste xeito, evítase tanto o vertido como o depósito sobre o medio dos materiais que non son recollidos e canalizados por outros circuitos. Ademais facilítaselle a máis poboación a eliminación destes produtos unha vez finalizada a súa vida útil, contribuíndo ao peche do ciclo no marco da economía circular.

Periodicidade da difusión: anual

Medida 03. Poboación con servizo de punto limpo

Definición: poboación dos concellos que contan con servizo de punto limpo.

A nivel municipal, os resultados teñen correspondencia cun dato da fonte de información, que neste caso é o número de residentes nos concellos que, segundo a medida 2, dispoñen do servizo de punto limpo.

Fórmula de cálculo para Galicia : $P_{SPL} = \sum P_{SPLi}$

onde:

P_{SPL} é a poboación con servizo de punto limpo

P_{SPLi} é a poboación con servizo de punto limpo no concello con servizo de punto limpo

Nivel xeográfico de expresión de resultados: concellos, Galicia e concellos do ámbito do POL.

Fonte de información: 5.23. Puntos limpos e 5.1. Cartografía dos límites municipais a escala 1:25.000

Comportamento desexable: que todos os residentes en Galicia dispoñan de servizo de punto limpo para facilitarlles a recollida dos residuos que non se recollen e canalizar por outras vías.

Periodicidade da difusión: anual

4.7. Mobilidade (MOB)

4.7.1. Repartición modal da mobilidade cotiá

Descrición: repartición modal do transporte e porcentaxe de persoas que non se desprazan habitualmente.

Os modos de desprazamento que se recollen son: vehículo privado motorizado, vehículo motorizado combinando público e privado, vehículo motorizado público, mobilidade alternativa e outros.

Relevancia: A mobilidade debe confirmarse como un dos parámetros considerados para o fomento da sustentabilidade e da planificación territorial. O vehículo privado representa un dos principais focos de contaminación atmosférica e acústica, responsable en boa medida da emisión de gases de efecto invernadoiro.

A mellora na dotación e na eficiencia do transporte público é un factor determinante para a mellora da calidade ambiental e acústica e por tanto será importante a promoción de políticas públicas que propicien fórmulas de transporte sustentable, con mellor comportamento dos vectores ambientais e sociais.

Parámetros de medida:

Medida 01. Porcentaxe de persoas que se desprazan habitualmente en cada modo de transporte respecto ao total de persoas que se desprazan

Definición: porcentaxe de persoas que se desprazan habitualmente ao seu lugar de estudo ou traballo en cada modo de transporte, respecto ao total de persoas desprazadas.

$$\text{Fórmula de cálculo: } RMM_m (\%) = \frac{Pdh_m}{TPd} \times 100$$

onde:

$RMM_m (\%)$ é a porcentaxe de persoas que se desprazan habitualmente no modo de transporte m.

Pdh_m é o número de persoas que se desprazan habitualmente no medio de transporte m.

TPd é o número total de persoas desprazadas.

Nivel xeográfico de expresión de resultados: concellos, Galicia e concellos do ámbito do POL .

Fonte de información: 5.24. Mobilidade

Comportamento desexable: a redución da demanda de transporte privado e o uso de fórmulas alternativas máis sustentables.

Periodicidade da difusión: decenal

Medida 02. Porcentaxe de persoas que non se desprazan habitualmente

Definición: a porcentaxe de persoas que non se desprazan fóra do seu lugar de residencia a estudar ou traballar.

$$\text{Fórmula de cálculo: PNdh (\%)} = \frac{PNdh}{TP} \times 100$$

onde:

PNdh (%) é o número de persoas que non se desprazan habitualmente respecto ao total, expresado en porcentaxe.

PNdh é o número de persoas que non se desprazan habitualmente.

TP é o número total de persoas contabilizadas.

Nivel xeográfico de expresión de resultados: concellos, Galicia e concellos do ámbito do POL.

Fonte de información: 5.24. Mobilidade

Comportamento desexable: o incremento dos resultados estaría a reflectir a alternativa máis sustentable xa que indicaría unha redución dos desprazamentos.

Periodicidade da difusión: decenal

5. Fontes de información

5.1. Cartografía dos límites municipais a escala 1:25.000

Orixe dos datos:	IGN. Registro Central de Cartografía
Organismo que facilita a información:	Instituto Geográfico Nacional (IGN). Ministerio de Fomento.
Obtención da Información:	Centro de descargas. Centro Nacional de Información Geográfica (CNIG) http://centrodedescargas.cnig.es
Frecuencia de obtención dos datos:	Anual
Ámbito espacial:	Concello. Escala 1:25.000
Variables empregadas:	<ul style="list-style-type: none">• Xeometría

5.2. Sistema de información da ocupación do solo de España (SIOSE)

Orixe dos datos:	IGN. SIOSE
Organismo que facilita a información:	Instituto de Estudos do Territorio (IET). Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda
Obtención da Información:	Convenio
Frecuencia de obtención dos datos:	Irregular
Unidade territorial:	Polígonos. Escala 1:25.000
Variables empregadas:	<ul style="list-style-type: none">• Cobertura• Uso

5.3. Grandes áreas e comarcas paisaxísticas

Orixe dos datos:	IET. Cartografía das grandes áreas e comarcas paisaxísticas
Organismo que facilita a información:	Instituto de Estudos do Territorio (IET). Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda
Obtención da Información:	Acceso directo
Frecuencia de obtención dos datos:	Esporádica
Unidade territorial:	Grandes áreas paisaxísticas e comarcas paisaxísticas. Escala 1:25.000
Variables empregadas:	<ul style="list-style-type: none">• Xeometría

5.4. Censo de poboación e vivendas

Orixe dos datos:	INE. Censo de poboación y viviendas
Organismo que facilita a información:	Instituto Galego de Estatística (IGE). Consellería de Facenda e Administración Pública
Obtención da Información:	Facilitada ex-profeso
Frecuencia de obtención dos datos:	Decenal

Unidade territorial:	Concello
Variables empregadas:	<ul style="list-style-type: none"> • Vivendas familiares • Vivendas secundarias • Vivendas baleiras • Outras vivendas

5.5. Sistema de Información de Ordenación do Territorio e Urbanismo de Galicia (SIOTU-GA)

Orixe dos datos:	Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda. SIOTUGA
Organismo que facilita a información:	Instituto de Estudos do Territorio (IET). Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda
Obtención da Información:	Acceso directo
Frecuencia de obtención dos datos:	Irregular
Unidade territorial:	Concello
Variables empregadas:	<ul style="list-style-type: none"> • Solo urbano • Solo urbanizable • Solo de núcleo rural

5.6. Estudos de impacto e integración paisaxística (EIIP)

Orixe dos datos:	IET. Información administrativa
Organismo que facilita a información:	Instituto de Estudos do Territorio (IET). Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda
Obtención da Información:	Acceso directo
Frecuencia de obtención dos datos:	Anual
Unidade territorial:	Concello
Variables empregadas:	<ul style="list-style-type: none"> • EIIP

5.7. Base Topográfica de Galicia a escala 1:10.000 (BTG 2016)

Orixe dos datos:	IET. BTG 2016
Organismo que facilita a información:	Instituto de Estudos do Territorio (IET). Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda
Obtención da Información:	Acceso directo
Frecuencia de obtención dos datos:	Irregular
Unidade territorial:	Concello. Escala 1:10.000
Variables empregadas:	<ul style="list-style-type: none"> • Edificacións

5.8. Cifras oficiais de poboación dos concellos: revisión do Padrón Municipal

Orixe dos datos:	INE. Cifras oficiales de población de los municipios españoles: Revisión del Padrón Municipal
------------------	---

Organismo que facilita a información:	Instituto Nacional de Estadística (INE). Ministerio de Economía e Empresa
Obtención da Información:	Descarga de http://www.ine.es/
Frecuencia de obtención dos datos:	Anual
Unidade territorial:	Concello
Variables empregadas:	<ul style="list-style-type: none"> • Poboación total

5.9. Nomenclátor. Poboación do Padrón Continuo por unidade poboacional

Orixe dos datos:	INE. Nomenclátor: Población del Padrón Continuo por unidad poblacional
Organismo que facilita a información:	Instituto Nacional de Estadística (INE). Ministerio de Economía e Empresa
Obtención da Información:	Descarga de http://www.ine.es/
Frecuencia de obtención dos datos:	Anual
Unidade territorial:	Entidade colectiva e entidade singular con código de entidade colectiva=00
Variables empregadas:	<ul style="list-style-type: none"> • Poboación total

5.10. Espazos naturais protexidos

Orixe dos datos:	D. X. de Patrimonio Natural. Información administrativa
Organismo que facilita a información:	D. X. de Patrimonio Natural. Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda
Obtención da Información:	Elaboración ex-profeso
Frecuencia de obtención dos datos:	Anual
Unidade territorial:	Concello
Variables empregadas:	<ul style="list-style-type: none"> • Superficie terrestre da Rede Galega de Espazos Protexidos (RGEP) • Superficie terrestre da Rede Natura 2000 (RN2000) • Superficie terrestre das Áreas protexidas por instrumentos internacionais (APII)

5.11. Espazos naturais con instrumentos de planificación

Orixe dos datos:	D. X. de Patrimonio Natural. Información administrativa
Organismo que facilita a información:	D. X. de Patrimonio Natural. Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda
Obtención da Información:	Elaboración ex-profeso
Frecuencia de obtención dos datos:	Anual
Unidade territorial:	Concello
Variables empregadas:	<ul style="list-style-type: none"> • Superficie terrestre con plans de ordenación dos recursos naturais (PORN) • Superficie terrestre con plans reitores de uso e xestión (PRUX) • Superficie terrestre con plans de xestión (PX)

5.12. Bens de Interese Cultural

Orixe dos datos:	D. X. de Patrimonio Cultural. Rexistro de Bens de Interese Cultural e información administrativa
Proceso estatístico previo de inclusión:	<ul style="list-style-type: none"> Só se inclúen os bens materiais inmoables, ben declarados, ben incoados. Museos declarados monumentos histórico-artísticos (Decreto 474/1962, de 1 de marzo) Museos, bibliotecas e arquivos aos que lles afecta o artigo 60 da Lei 16/1985, de 25 de xuño, do Patrimonio Histórico Español Castelos que contan con número de rexistro no Ministerio Cultura e Deporte. Covas, abrigos ou lugares con arte rupestre aos que lles afecta o artigo 40 da Lei 16/1985 e foron publicadas por Resolución do 15 de marzo de 2011, da Dirección Xeral de Patrimonio Cultural. Gravados rupestres da provincia de Pontevedra declarados monumento por Decreto 3741/1974, de 20 de decembro. Aqueles bens que se sitúan ou afectan a varios concellos (Camiño de Santiago, Comarca Eumesa e outros) están contados tantas veces como concellos afectados. <p>Despois de recopilar a información, agrégase a nivel municipal, segundo estes criterios:</p> <ul style="list-style-type: none"> BIC con declaración específica = BIC con declaración específica BIC con declaración xenérica = BIC artigo 60 da Lei 16/1985, de 25 de xullo, de Patrimonio Histórico Español + BIC petróglifos + BIC arte rupestre + BIC castelos
Organismo que facilita a información:	D. X. de Patrimonio Cultural. Consellería de Cultura, Educación e Universidade
Obtención da Información	Facilitada ex-profeso
Frecuencia de obtención dos datos:	Anual
Unidade territorial:	Concello
Variabes empregadas:	<ul style="list-style-type: none"> BIC inmoables con número de rexistro individual BIC con declaración específica BIC artigo 60 da Lei 16/1985, de 25 de xullo, de Patrimonio Histórico Español BIC petróglifos BIC arte rupestre BIC castelos

5.13. Clasificación das parroquias segundo o grao e subgrao de urbanización (GU 2016)

Orixe dos datos:	IGE. GU 2016
Organismo que facilita a información:	Instituto Galego de Estatística (IGE). Consellería de Facenda e Administración Pública
Obtención da Información:	Descarga de http://www.ige.eu
Frecuencia de obtención dos datos:	Única (2016)
Unidade territorial:	Parroquia
Variabes empregadas:	<ul style="list-style-type: none"> Zona pouco poboada (ZPP) baixa

5.14. Mapa de parroquias de Galicia

Orixe dos datos:	IET. Mapa de parroquias de Galicia
Organismo que facilita a información:	IET. Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda
Obtención da Información:	Acceso directo
Frecuencia de obtención dos datos:	Esporádica
Unidade territorial:	Parroquia. Escala 1:200.000
Variabes empregadas:	• Xeometría

5.15. Índice de diversidade de Shannon

Orixe dos datos:	<ul style="list-style-type: none"> • IGE. Directorio de empresas e unidades locais • Tesorería General de la Seguridad Social. Fichero de afiliaciones en alta laboral
Proceso estatístico previo:	<p>A partir das dúas fontes de información, o IGE realiza esta explotación:</p> <ul style="list-style-type: none"> • Do Directorio de empresas e unidades locais, selecciona o emprego por conta allea nos establecementos segundo a división a dous díxitos da CNAE-2009 (excepto para as CNAE 1, 2, 3, 84, 85, 86 e 97). • Da Seguridad Social, selecciona as afiliacións en alta laboral por conta de cotización (para as CNAE 1, 2, 3, 84, 85, 86 e 97) e por conta propia (para todas as CNAE). • Con datos obtidos, agregados en 99 divisións, calcula o índice de diversidade de Shannon.
Organismo que facilita a información:	Instituto Galego de Estatística (IGE). Consellería de Facenda e Administración Pública
Obtención da Información:	Facilitada ex-profeso
Frecuencia de obtención dos datos:	Anual
Unidade territorial:	Concello
Variabes empregadas:	• Índice de Shannon

5.16. Afiliacións á Seguridade Social en alta laboral segundo a rama de actividade e o concello de residencia do afiliado

Orixe dos datos:	<ul style="list-style-type: none"> • Tesorería General de la Seguridad Social. Fichero de afiliaciones en alta laboral • INE. Cifras oficiais de poboación de los municipios españoles: Revisión del Padrón Municipal
Proceso estatístico previo:	<p>O IGE realiza unha explotación estatística, seleccionando:</p> <ul style="list-style-type: none"> • Afiliacións en situación de alta laboral no réxime xeral e no mar por conta allea, nos que o concello de afiliación coincide co de residencia, segundo concello de residencia • Afiliacións en situación de alta laboral no réxime xeral e no mar por conta allea, segundo concello de residencia • Afiliacións en situación de alta laboral no réxime xeral, autónomos e mar segundo concello de residencia do afiliado • Afiliacións en situación de alta laboral no réxime xeral, autónomos e mar segundo concello da conta de cotización <p>Ademais, os resultados das afiliacións crúzanse cos datos do Padrón para obter as afiliacións segundo o concello de residencia dos afiliados.</p>

Organismo que facilita a información:	Instituto Galego de Estatística (IGE). Consellería de Facenda e Administración Pública
Obtención da Información:	Facilitada ex-profeso
Frecuencia de obtención dos datos:	Anual
Unidade territorial:	Concello
Variables empregadas:	<ul style="list-style-type: none"> • Agricultura, gandería e silvicultura • Pesca e acuicultura • Industrias extractivas e fabricación doutros produtos minerais non metálicos • Industria agroalimentaria • Madeira, papel e mobles • Metalurxia e produtos metálicos, electrónicos, eléctricos e maquinaria • Fabricación de material de transporte e grandes reparacións industriais • Resto da industria • Enerxía, subministro de auga e xestión de residuos • Construción • Comercio, transporte e hostalería • Actividades de información, financeiros, inmobiliarios e profesionais • Administracións Públicas, Educación, Sanidade e outros servizos

5.17. Autocontención laboral

Orixe dos datos:	Tesorería General de la Seguridad Social. Fichero de afiliaciones en alta laboral
Proceso estatístico previo:	<p>A partir da fonte orixinal, o IGE realiza unha explotación dos datos, seleccionando:</p> <ul style="list-style-type: none"> • Afiliacións á Seguridade Social en alta laboral no réxime xeral • Afiliacións á Seguridade Social en alta laboral no réxime especial do mar por conta allea <p>E excluindo:</p> <ul style="list-style-type: none"> • Traballadores por conta allea no réxime especial agrario e fogar • Traballadores por conta propia <p>O número de afiliacións non corresponde necesariamente co de persoas afiliadas, senón co de situacións que xeran obriga de cotizar. Unha mesma persoa contabilízase tantas veces como situacións de cotización teña, xa sexa porque ten varias actividades laborais nun mesmo réxime ou en varios.</p>
Organismo que facilita a información:	Instituto Galego de Estatística (IGE). Consellería de Facenda e Administración Pública
Obtención da Información:	Facilitada ex-profeso
Frecuencia de obtención dos datos:	Anual
Unidade territorial:	Concello
Variables empregadas:	<ul style="list-style-type: none"> • Afiliacións de persoas que residen neste concello e están traballando • Afiliacións de persoas que residen e traballan neste concello • Afiliacións de persoas que residen neste concello e traballan noutro • Autocontención laboral

5.18. Autosuficiencia en emprego

Orixe dos datos:	Tesorería General de la Seguridad Social. Fichero de afiliaciones en alta laboral
Proceso estatístico previo:	A partir da fonte orixinal, o IGE realiza unha explotación dos datos, seleccionando: <ul style="list-style-type: none"> • Afiliacións á Seguridade Social en alta laboral no réxime xeral e no mar por conta allea. • Afiliados en réxime de autónomos
Organismo que facilita a información:	Instituto Galego de Estatística (IGE). Consellería de Facenda e Administración Pública
Obtención da Información:	Facilitada ex-profeso
Frecuencia de obtención dos datos:	Anual
Unidade territorial:	Concello
Variables empregadas:	<ul style="list-style-type: none"> • Afiliacións segundo o concello da conta de cotización • Afiliacións segundo o concello de residencia • Autosuficiencia en emprego

5.19. Contratos rexistrados

Orixe dos datos:	D. X. de Formación e Colocación Base de datos de contratos do Servizo Público de Emprego de Galicia
Proceso estatístico previo:	Coa información desta base de datos, realizouse a seguinte explotación: <ul style="list-style-type: none"> • Elimináronse da base de datos aqueles contratos que non teñen consignado o campo do concello de residencia ou do centro de traballo, pois nestes casos non se pode ver a mobilidade ou a permanencia. • Consideráronse aquelas persoas que durante o ano só tiveron un contrato. Neste caso cada contrato é equivalente a 1 persoa. • Consideráronse aquelas persoas que durante o ano tiveron máis de 1 contrato e ademais non cambiaron de residencia durante o ano. Neste caso a cada contrato dunha persoa asignóuselle unha ponderación inversamente proporcional ao número de contratos que tivo durante o ano. • Por último consideráronse aquelas persoas que durante o ano tiveron máis de 1 contrato e ademais entre contrato e contrato mudaron de residencia. Neste caso asignóuselle a cada persoa unha ponderación inversamente proporcional ao número de concellos onde viviu, por exemplo se viviu en 2 a ponderación é 0,5. A continuación repetiuse o procedemento do paso anterior para cada concello de residencia.
Organismo que facilita a información:	Instituto Galego de Estatística (IGE). Consellería de Facenda e Administración Pública
Obtención da Información:	Facilitada ex-profeso
Frecuencia de obtención dos datos:	Anual
Unidade territorial:	Concello
Variables empregadas:	<ul style="list-style-type: none"> • Traballadores contratados que permanecen • Traballadores contratados que entran • Traballadores contratados que saen • Taxa de permanencia

5.20. Demandas rexistradas

Orixe dos datos:	D. X. de Formación e Colocación. Base de datos do Servizo Público de Emprego de Galicia..
Proceso estatístico previo:	A explotación dos datos consistiu en: <ul style="list-style-type: none"> • Eliminar as demandas en situación de baixa. • Descartar os demandantes doutros servizos e os que teñen dispoñibilidade para o emprego. • Agregar os demandantes segundo os 9 grupos de ocupación (CNO-2011), descartando o grupo 0 (ocupacións militares).
Organismo que facilita a información:	D. X. de Formación e Colocación. Consellería de Emprego e Igualdade
Obtención da Información:	Facilitada ex-profeso
Frecuencia de obtención dos datos:	Anual
Unidade territorial:	Comarca
Variables empregadas:	1 Directores e xerentes 2 Técnicos e profesionais científicos e intelectuais 3 Técnicos, profesionais de apoio 4 Empregados contables, administrativos e outros empregados de oficina 5 Traballadores dos servizos de restauración, persoais, protección e vendedores 6 Traballadores cualificados no sector agrícola, gandeiro, forestal e pesqueiro 7 Artesáns e traballadores cualificados das industrias manufactureiras e a construción (agás operadores de instalacións e maquinaria) 8 Operadores de instalacións e maquinaria, e montadores 9 Ocupacións elementais

5.21. Ordenación e xestión forestal

Orixe dos datos:	D. X. de Planificación e Ordenación Forestal. Información administrativa
Organismo que facilita a información:	D. X. de Planificación e Ordenación Forestal. Consellería do Medio Rural
Obtención da Información:	Facilitada ex-profeso
Frecuencia de obtención dos datos:	Anual
Unidade territorial:	Concello
Variables empregadas:	<ul style="list-style-type: none"> • Superficie con instrumentos de ordenación e xestión forestal

5.22. Calidade da auga nas zonas de baño de Galicia

Orixe dos datos:	D. X. de Saúde Pública. Actividade estatística 1204-01-OE05-Sistema de información sobre a calidade microbiolóxica das zonas de baño
Organismo que facilita a información:	D. X. de Saúde Pública. Consellería de Sanidade
Obtención da Información:	Facilitada ex-profeso
Frecuencia de obtención dos datos:	Anual
Unidade territorial:	<ul style="list-style-type: none"> • Zonas de baño
Variables empregadas:	<ul style="list-style-type: none"> • Tipo de zona: continental ou marítima • Situación xeográfica dos puntos de mostraxe • Cualificación sanitaria: excelente, boa, suficiente e insuficiente

5.23. Puntos limpos

Orixe dos datos:	<ul style="list-style-type: none"> D. X. de Calidade Ambiental e Cambio Climático. Información administrativa INE. Cifras oficiais de poboación de los municipios españoles: Revisión del Padrón Municipal
Organismo que facilita a información:	D. X. de Calidade Ambiental e Cambio Climático. Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda
Obtención da Información:	Facilitada ex-profeso
Frecuencia de obtención dos datos:	Anual
Unidade territorial:	Concello
Variables empregadas:	<ul style="list-style-type: none"> Concellos con instalación de punto limpo Concellos con servizo de punto limpo e con instalación Concellos con servizo de punto limpo e sen instalación Concellos sen servizo de punto limpo Poboación con servizo de punto limpo

5.24. Mobilidade

Orixe dos datos:	INE. Censo de poboación y viviendas
Organismo que facilita a información:	Instituto Galego de Estatística (IGE). Consellería de Facenda e Administración Pública
Obtención da Información:	Facilitada ex-profeso
Periodicidade:	Decenal
Frecuencia de obtención dos datos:	Decenal
Unidade territorial:	Concello
Variables empregadas:	<ul style="list-style-type: none"> Vehículo motorizado privado Vehículo motorizado combinando público e privado Vehículo motorizado público Mobilidade alternativa Outros Non aplicable

5.25. Dominio público marítimo terrestre e Ribeira do mar

Orixe dos datos:	Ministerio para la transición ecológica y el reto demográfico
Organismo que facilita a información:	Dirección General de la Costa y el Mar. MPTERD
Obtención da Información:	Visor
Periodicidade:	Irregular
Frecuencia de obtención dos datos:	trienal
Unidade territorial:	Concello
Variables empregadas:	<ul style="list-style-type: none"> Liña do DPMT Liña interior da Ribeira do mar

5.26. Cartografía do ámbito de xestión do Plan de ordenación do litoral

Orixe dos datos:	Instituto de Estudos do Territorio. Cartografía do Plan de ordenación do litoral
Organismo que facilita a información:	Instituto de Estudos do Territorio. Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda
Obtención da Información:	Acceso directo
Frecuencia de obtención dos datos:	Única (2012)
Unidade territorial:	Ámbito espacial do Plan de ordenación do litoral de Galicia (POL)
Variables empregadas:	Liña límite do ámbito de xestión do POL

6. Difusión

Os indicadores serán actualizados para difundirse anualmente, aínda que se contemplan excepcións por mor da súa dependencia con respecto ás fontes de información manexadas para os cálculos. Así, non será posible a difusión anual daqueles indicadores que se alimentan dos censos decenais ou doutras fontes con periodicidade irregular ou esporádica.

A desagregación territorial da información será a nivel autonómico e municipal e, cando sexa posible, para o ámbito de xestión do Plan de ordenación do litoral, aínda que se contempla algunha excepción como a Ratio de cobertura das demandas, que se difundirá a nivel autonómico e comarcal para non vulnerar o segredo estatístico.

7. Siglas

AAE Avaliación Ambiental Estratéxica

APII Áreas protexidas por instrumentos internacionais

BIC Ben de Interese Cultural

CNIG Centro Nacional de Información Geográfica

CNO-2011 Clasificación Nacional de Ocupaciones 2011

DOT Directrices de ordenación do territorio

GU 2016 Clasificación segundo o grao de urbanización 2016

IDI Indicadores de Desenvolvemento e Implantación

IET Instituto de Estudos do Territorio

IGE Instituto Galego de Estatística

INE Instituto Nacional de Estadística

IST Indicadores de Sustentabilidade Territorial

LIC Lugares de importancia comunitaria

LPHE Lei 16/1985, do 25 de xuño, del Patrimonio Histórico Español

OFRI Outras Figuras de Rango Internacional

PX Plan de xestión

PGE Plan galego de estatística

POL Plan de ordenación do litoral

PORN Plan de ordenación dos recursos naturais

PRUX Plan reitor de uso e xestión

PSST Plan de seguimento das Directrices de ordenación do territorio e da sustentabilidade territorial

RGEP Rede Galega de Espazos Protexidos

SIOTUGA Sistema de Información de Ordenación do Territorio

SISPE Servicio Público de Empleo Estatal

SIX Sistema de información xeográfica

UNESCO United Nations Educational, Scientific and Cultural Organization

ZEC Zonas especiais de conservación

ZEPA Zonas de especial protección para as aves

ZEPVN Zonas de especial protección dos valores naturais

ZPP Zona pouco poboada

8. Anexo

8.1. Información SIOTUGA. Pretratamento das capas de información

Partiuse da capa de planeamento urbanístico procedente do SIOTUGA, que contén atributos relativos á clasificación e categoría dos solos tras un proceso de homoxeneización. Esta homoxeneización realízase para superar a diversidade de denominacións e os distintos marcos normativos vixentes no momento de aprobación de cada documento de planeamento. A táboa de homoxeneización é a seguinte:

2010		2010		2002 (LOUGA)		1997		1985/PXOM (LASGA)		1985/ sin PXOM (LASGA)		1976/PXOM		1976/ sin PXOM						
CLASE_HOMO	CATEGORIA_HOMO	CLASE_HOMO	CATEGORIA_HOMO	CLASE_SOLO	CATEGORIA_SOLO	CLASE_SOLO	CATEGORIA_SOLO	CLASE_SOLO	CATEGORIA_SOLO	CLASE_SOLO	CATEGORIA_SOLO	CLASE_SOLO	CATEGORIA_SOLO	CLASE_SOLO	CATEGORIA_SOLO					
SU (solo urbán)	SUSC (Sen categorizar)	SU (solo urbán)						SU (solo urbán)		SU (solo urbán)		SU (solo urbán)		SU (solo urbán)						
	SUC (Consolidado)		SUC (Consolidado)	SUC (Consolidado)	SUC (Consolidado)	SUC (Consolidado)														
	SUNC (Non consolidado)		SUNC (Non consolidado)	SU (solo urbán)	SUNC (Non consolidado)	SU (solo urbán)	SUNC (Non consolidado)	SU (solo urbán)	PDL (Polígonos) UA (Unidades de actuación)	SU (solo urbán)	PDL (Polígonos) UA (Unidades de actuación)	SU (solo urbán)	PDL (Polígonos) UA (Unidades de actuación)	SU (solo urbán)	PDL (Polígonos) UA (Unidades de actuación)					
SNR (núcleo rural)	SNRSC (Sen categorizar)	SNR (núcleo rural)		SNR (núcleo rural)	SNRAE (Expansión)	SNR (núcleo rural)		SNU (Non urbanizable)	SNU (Non urbanizable)	SNU (Non urbanizable)	SNU (Non urbanizable)									
	SNRT (Histórico-Tradicional)		SNRT (Tradicional)																	
	SNRCO (Común)		SNRCO (Común)																	
SUZ (urbanizable)	SUZD (Delimitado)	SUZ (urbanizable)	SUZD (Delimitado)	SUZ (urbanizable)	SUZD (Delimitado)	SUZ (urbanizable)		SUZ (urbanizable)	SUZP (Programado)	SAU (apto para urbanizar)		SUZ (urbanizable)	SUZP (Programado)	SAU (apto para urbanizar)						
	SUZND (Non delimitado)		SUZND (Non delimitado)		SUZND (Non delimitado)	SUZND (Non delimitado)	SR (Solo rústico)	SR (Solo rústico)	SUZ (urbanizable)	SUZNP (Non programado)			SUZ (urbanizable)	SUZNP (Non programado)						
SR (Solo rústico)	SRSC (Sen categorizar)	SR (Solo rústico)		SR (Solo rústico)	SRPO (Ordinario)	SR (Solo rústico)	SRPO (Ordinario)	SR (Solo rústico)	SRC (Común)	SNUC (Común)	SR (Solo rústico)	SNUC (Común)	SR (Solo rústico)	SNUC (Común)	SR (Solo rústico)	SNUC (Común)				
	SRPSC (Protección sen categorizar)		SRPAG (Protección agropecuaria)		SRPAG (Protección agropecuaria)															
	SRPO (Ordinario)		SRPFO (Protección forestal)		SRPFO (Protección forestal)															
	SRPIN (Protección de infraestructuras)		SRPIN (Protección de infraestructuras)		SRPIN (Protección de infraestructuras)															
	SRPAU (Protección das augas)		SRPAU (Protección das augas)		SRPAU (Protección das augas)															
	SRPCO (Protección de costas)		SRPCO (Protección de costas)		SRPCO (Protección de costas)															
	SRPEN (Protección de espacios naturais)		SRPEN (Protección de espacios naturais)		SRPEN (Protección de espacios naturais)															
	SRPPX (Protección paisaxística)		SRPPX (Protección paisaxística)		SRPPX (Protección paisaxística)															
SRPPA (Especialmente protexido para zonas con interese patrimonial, artístico ou histórico)	SRPPA (Especialmente protexido para zonas con interese patrimonial, artístico ou histórico)	SRPPA (Especialmente protexido para zonas con interese patrimonial, artístico ou histórico)																		
TEXTO CONSOLIDADO A 20/04/2010 DA LEI ORIGINAL COAS MODIFICACIÓNS INTRODUCIDAS POLAS LEIS 15/2004, 6/2007, 3/2008, 6/2008, 18/2008 E 2/2010.		TEXTO CONSOLIDADO A 20/04/2010 DA LEI 9/2002		LEI 9/2002, DO 30 DE DECEMBRO, DE ORDENACIÓN URBANÍSTICA E PROTECCIÓN DO MEDIO RURAL DE GALICIA.		Ley 3/1997, de 24 marzo		Ley 11/1985, de 22 agosto				Real Decreto 1346/1976, de 9 abril								

Ilustración 1. Pretratamento da información procedente do SIOTUGA